



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2023-2024

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2023-2024

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de xullo de 2024.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Consultas.....	8
	2.2.- Mediacións.....	8
	2.3.- Queixas.....	10
3.-	Conclusións.....	64
4.-	Referencias estatísticas.....	68

1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Curso 2023-2024

2.- ACTUACIÓN

2.1.- CONSULTAS

Non é infrecuente que membros da comunidade universitaria fagan chegar comunicacións fundamentalmente por medios telefónicos ou telemáticos que, por diferentes motivos, non adoitan traducirse na presentación dunha queixa. Trátase neste caso de solicitudes de axuda, consello ou demanda de información con vista a levar a cabo algún tipo de actuación.

No curso obxecto desta memoria recibíronse 67 consultas que é un número similar ás recibidas nos cursos precedentes. A temática nun 44,77% relacionouse con aspectos “docentes e de avaliación” (30 consultas), con cuestións relativas a “procedementos de xestión” nun 16,42% (11 consultas). A unha distancia importante aparecen consultas relacionadas cos “servicios á comunidade ” (4 queixas que representan o 5,98%. Cun 32,83% (22 consultas) rexístranse unha serie de cuestións nas que se observa unha grande variabilidade na súa temática cousa que fai practicamente imposible clasificalas nunha única categoría. Dentro destas se cabe pódense salientar os temas de “relacións interpersoais” e “problemática laboral” pola súa incidencia (38, 36%).

Polo que atinxe a orixe das consultas, máis da metade foron feitas polo alumnado (61,19%), o 23,88% polo PDI e só un 2,99% polo PTXAS. Tamén nun 11,94% recibíronse consultas feitas polas valedoras ou por defensores e defensoras doutras Universidades españolas en demanda de información relativa á USC.

2.2.- MEDIACIÓN

M- 2023/01

Foi presentado un escrito por unha posible alumna co fin de que se traslade ás autoridades universitarias a necesidade de que a USC adopte estratexias e recursos que faciliten o estudo ás persoas que precisan conciliar á actividade académica coa vida familiar e persoal.

Trasladado o escrito á Secretaría Xeral da USC enviaron un informe no que se xustificaba o seguinte:

“1.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha universidade presencial que pode impartir títulos en réxime presencial, híbrida ou semipresencial, virtual ou non presencial.

A USC debe decidir, no momento de crear o título, o seu réxime de impartición. A tramitación, a valoración polas axencias de calidade, a aprobación do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos deben respectar o sistema de impartición elixido e aprobado.

Sería ilegal impartir un título aprobado como presencial, por unha modalidade diferente, é dicir, pola modalidade híbrida ou non presencial, por canto teñen características e requisitos diferentes para ser aprobados en función da modalidade elixida.

En consecuencia, para que un título poda ser impartido en modalidade híbrida e virtual debe ser tramitado e aprobado como tal.

2.-A USC ten aprobado e inscrito no RUCT o título con 6 especialidades, en réxime de ensinanza presencial. O título ten actividades prácticas e un prácticum de 12 ECTS.

3.- Non obstante o anterior, a USC ten algunhas medidas para facilitar o seguimento dos estudos de grao e máster a determinados colectivos. Así, prevense as seguintes medidas:

- (i) Posibilidade de realización dos estudos a tempo parcial, conforme ao establecido na convocatoria anual de matrícula
- (ii) Posibilidade de cambio de grupo, cando existan varios e nas condicións establecidas polo centro.
- (iii) Solicitude de dispensa de asistencia a clase, conforme ao establecido na Instrución da Secretaría Xeral 1/2017.

Respecto a esta última, son causas para a solicitude de dispensa:

- a) A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza no centro do alumnado.
- b) O coidado de dependentes a cargo ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, debidamente acreditada.
- c) A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada (e dicir: alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar, copia do recibo de pago da última cotización), sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial.
- d) A persoa que presentou unha denuncia por acoso, ou por outros comportamentos semellantes, sempre que ela considere máis adecuado para a súa saúde a dispensa.

A Xunta do Centro ou órgano no que delegue poderá conceder ou denegar a dispensa de forma motivada.

A efectos de concesión da dispensa, o Centro deberá ter en conta os seguintes criterios:

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos
- Contemplan a natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico.
- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos á asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables.

Nestes casos, a resolución de concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

No caso de non ser aceptada a dispensa, o alumnado, unha vez coñecida a resolución, poderá optar por formular unha solicitude de cambio a dedicación parcial nos seus estudos.

O alumnado que se atope nunha das causas para a solicitude de dispensa poderá solicitar simultaneamente o cambio de grupo. Só no caso de non obter a dispensa, valorarase a solicitude de cambio de grupo. Terá preferencia para o cambio de grupo o alumnado que teña obrigas familiares e persoais tales como a condición de coidadores de persoas dependentes.

4.- En consecuencia, o título, nas súas diferentes especialidades, son titulacións presenciais e non se poden impartir noutra modalidade virtual ou semipresencial agás que a USC tramite e aprobe un título novo ou unha modificación do actual para poder ser impartido noutra modalidade.

As opcións alternativas para o seguimento destes estudos presenciais por persoas que traballan podería ser a súa realización a tempo parcial, o cambio de grupo (nos casos en que existan varios) ou a solicitude de dispensa a clase pola prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada, sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial.”

2.3.- QUEIXAS

Q 2309/01

Escrito presentado por un estudante referido a uns feitos acontecidos no ano 2014 e 2016 referidos ao contido duns escritos emitidos pola Secretaría Xeral.

Indícaselle que a súa demanda de actuación do Valedor non pode ser atendida ao considerarse a súa solicitude extemporánea segundo o que establece o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

Artigo 10.- Procedemento

A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

Por iso, comunícaselle que o seu escrito non pode ser admitido a trámite e que se procede ao arquivo da súa solicitude sen máis trámite.

Por outra banda, infórmase que ao ter presentado outro escrito análogo dirixido á Secretaría Xeral, debe agardar a resposta ao mesmo por parte da Oficina de Análise e Reclamacións.

Q 2309/02

Foi presentado un escrito motivado polo procedemento de devolución e pagamento de fianza no Sistema Universitario de Residencias

No informe solicitado á Sra. xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, xustifica o seguinte:

“.../O día 26 de maio de 2023 publicouse no Taboleiro electrónico da USC e na páxina web do Servizo a Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias para o curso 2023/2024. Pódese comprobar nos seguintes enlaces:

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/120986/carga.htm>

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/residencias/acceso-servizo-universitarioresidencias/convocatoria-ordinaria-prazas-aloxamento>

Na mesma data publicouse na páxina web do Servizo toda a información relevante para os usuarios, incluído un calendario resumo con todos os prazos. Pódese comprobar no apartado “Data e tramitación” do enlace anterior. Neste calendario constan todos os prazos do proceso de asignación de prazas, incluídos os de pago da fianza.

Respecto do texto da Convocatoria, no punto 8 PAGAMENTO DA FIANZA PARA A RESEVA DA PRAZA consta “As persoas admitidas deberán aboar a cantidade de 150€ en concepto de fianza de reserva de praza entre o 3 e o 7 de agosto”.

O pago desta fianza realízase accedendo a un enlace da páxina web, polo que estivo dispoñible durante as 24 horas dende o 3 ao 7 de agosto.

Ademais, dende a RU Bal y Gay, o mesmo 26 de maio, enviouse un correo a todos/as os/as residentes para informarlles da publicación da Convocatoria (Anexo III). No citado correo aparece o prazo para o abono da fianza do 3 ao 7 de agosto. Posteriormente, a subdirectora da residencia enviou o 4 de agosto ao grupo de WhatsApp dos/as residentes un recordatorio para que non esqueceran pagar a fianza. Nesta mensaxe, tal e como se pode comprobar no Anexo IV, se insiste na data de finalización do prazo de abono da fianza.

Tendo en conta o exposto, queda claro que o residente tivo acceso á información dende a súa publicación a finais de maio e que o sinalado na súa queixa ao Valedor da Comunidade Universitaria non é correcto.

Sobre a súa proposta de “simplificar” o procedemento mantendo a fianza dun ano para o seguinte, esta proposta non simplificaría o procedemento, xa que os/as residentes poden chegar a permanecer nun centro do SUR ata 11 anos (4 ou 5 de grao, 1 de máster e 5 de

doutoramento). En calquera caso, a proposta non se considera viable por razóns organizativas e de xestión e económicas (apertura e peche de exercicio económico, xustificación de ingresos e pagos organizada por anos naturais ou académicos segundo o calendario académico aprobado por Consello de Goberno).”

Q 2309/03

Alumno presenta escrito pola demora na corrección dun erro na súa cualificación nunha materia, na que inicialmente lle cualificaron con 7,5 e posteriormente se lle notificou un 4,5. Estableceu contacto coa profesora e lle indicou que era un erro emendábel.

Con posterioridade comunican que se realizou a modificación par a asignación da cualificación correcta.

Q 2309/04

Recibido escrito dun estudante referido á información de acceso e continuación de estudos nun Grao.

Comúncaselle que se fixeron xestións ante a Facultade da USC e establecido contacto co interesado verificamos que a situación obxecto do seu escrito está resolta satisfactoriamente, e en consecuencia, rematamos as actuacións e procedemos ao arquivo da presente queixa.

Q 2309/05

Estudante estranxeira que tiña problemas co proceso de matrícula pola non presentación de determinada documentación e solicita que non sexa penalizada cun incremento no importe da matrícula.

Realízanse xestións ante a Xerencia para que se poida demorar a presentación da documentación requirida ao ter problemas a interesada coa obtención do visado para acudir ao seu país de orixe e poder facerse cos mesmos.

Q 2309/06

Foi presentado un escrito por alumnado dun Grao motivado pola cancelación dun terzo das prácticas correspondentes a unha materia por mor da baixa dunha profesora

Recibiuse o informe solicitado ao Sr. decano da Facultade, no que indica o seguinte:

“.../- Recibida a queixa ao valedor Q2309/06, o día 26 de setembro de 2023, o centro envía un correo electrónico co documento pdf da queixa ao Departamento, á Vicerreitoría de Profesorado e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Campus de Lugo co seguinte texto: “Envío queixa presentada por alumnos ao valedor da comunidade universitaria. Rogo, que dentro das súas competencias, me envíe a información necesaria para realizar unha resposta o máis axiña posible.”

- O día 27 de setembro de 2023 recíbese un correo electrónico do Departamento co seguinte texto:

“Desde o Departamento a semana pasada se iniciaron tódalas xestións para que se proceda a contratar un profesor substituto para impartir a docencia. O venres pasado comezou o trámite administrativo para cubrir a vacante cun profesor interino de substitución. A día de hoxe sabemos que hai unha persoa da lista que aceptou o posto e que xa ten remitidos todos os documentos ao Servizo de Profesorado. Mañá publicarase no taboleiro electrónico e o venres poderá asinar o contrato. Polo tanto a partires dese momento se incorporará a docencia. Dende a materia xa están organizando a distribución da docencia e a recuperación da docencia non impartida. Unha vez incorporado o novo profesor haberá unha reunión dos profesores da materia co delegado e o coordinador de semestre para organizar como se van a recuperar os grupos que non puideron recibir a docencia.”

En consecuencia, á vista do exposto no anterior informe, a situación que motivaba a queixa está a ser remediada, por iso comunicóuselle que rematamos as actuacións e procedemos ao arquivo da presente queixa.

Q 2309/07

Foi presentado un escrito por un estudante SICUE en relación coa asignación de Centro Asistencial para o desenvolvemento da docencia dunha materia.

No informe que lle foi solicitado Sr. decano da Facultade xustificaba o seguinte:

- O proceso de descentralización é para o alumnado da USC que está cursando o Grao. A convocatoria para o curso 2023-2024 publicouse no taboleiro electrónico da USC o día 10 de abril. As prazas que se asignan para cada Complexo Hospitalario son limitadas. No punto 3 da convocatoria establécense os criterios para a asignación de hospital.
- No Complexo Hospitalario Universitario da Coruña non quedaron prazas vacantes. O número de solicitudes para cursar 6º curso neste Complexo é maior que o número de prazas ofertadas polo que ao alumnado que solicitou praza neste Hospital, e non foi posible adxudicarlle por esgotarse as prazas ofertadas, houbo que asignarlle praza noutro Complexo Hospitalario segundo os criterios establecidos na convocatoria.
- Ao alumnado de intercambio que se matricula no 6º curso do Grao asígnaselle praza no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e así se indica no documento publicado na páxina web da Facultade:

“Con relación as materias clínicas de sexto curso, dado que, cando se realiza a planificación das rotacións das materias prácticas de 6º curso non se dispón aínda de información sobre o número exacto de estudantes que van participar nos programas de mobilidade: Erasmus, SICUE e Convenio Bilateral, nin sobre as súas datas de incorporación; e posto que non sempre coincide o número de estudantes entrantes co número dos saíntes, aos estudantes de

intercambio que veñan a cursar materias de 6º curso, asignaráselle praza en Santiago ao non poderse incluírse nun dos hospitais participantes na docencia clínica descentralizada”.

Q 2309/08

Foi presentado un escrito por un docente en relación coa obriga de presentar o documento orixinal de servizos previos noutra universidade dentro do trámite de recoñecemento de servizos prestados para os efectos de recoñecemento de trienios

No informe solicitado, a Sra. xefa do Servizo de Xestión de Persoal da USC xustifica o seguinte:

“O traballador presenta solicitude de recoñecemento dos servizos prestados con data 27 de outubro de 2022 a través do rexistro electrónico da USC. Xunto con esa solicitude achega unha copia simple dun anexo I (certificado de servizos previos) da Universidade de Oviedo con sinatura manuscrita.

Con data 7 de novembro de 2022 requírese ao interesado para que entregue o anexo I orixinal, remitindo este o documento en papel, sen proceder segundo o recollido no artigo 28.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De telo feito así, o orixinal obraría no seu poder, recibindo este Servizo unha copia electrónica auténtica do dito documento.

Con data 29 de novembro de 2022 o interesado solicita confirmación da recepción do documento en papel.

Con data 2 de decembro de 2022 desde o Servizo de Xestión de Persoal confírmase a recepción do dito documento, informando ao interesado de que a solicitude de recoñecemento de servizos prestados se atopa nese momento en trámite e de que o anexo I é un documento imprescindible no citado procedemento de recoñecemento, polo que é necesario que o documento orixinal obre no seu expediente. Coa mesma data, indica que non ten necesidade do documento en cuestión e, que, chegado o caso fará no futuro unha consulta ao respecto.

A data de hoxe non consta neste Servizo ningunha solicitude posterior na que indique a necesidade de posuír o documento orixinal. Non obstante, si neste momento o interesado precisa o anexo I orixinal, a USC está en disposición de facilitarlle unha copia compulsada de dito documento.”

Q 2309/09 – Recomendación

Foi presentada unha queixa por unha profesora referida á xestión e criterios de asignación de espazos nun centro. Indica que despois de ter realizado diferentes actuacións ante distintos órganos da universidade a problemática non está solucionada.

Ante esta situación sostida no tempo, recomendouse ao Sr. Presidente da Comisión de espazos o seguinte:

- que se fagan as xestións oportunas para que se cumpra o establecido no *Regulamento de xestión e uso de espazos da USC*.

-instar ao decanato da Facultade a que estude e analice a posibilidade de reordenar o uso dos espazos de traballo ordinario, así como os criterios de asignación dos mesmos.

Con posterioridade ten respostado informando das actuacións que se teñen realizado no proceso de tramitación dun recurso presentado pola profesora, e en concreto indicando que:

“.../4. Á vista do contido do recurso, dos informes e do disposto no Regulamento de xestión e uso de espazos da USC, a comisión acordou emitir un informe no que, ademais de criterios xerais sobre a asignación de espazos en situacións análogas, recomendáballe ao reitor que dera instrucións á decana da Facultade para que resolvese as peticións da profesora no prazo máximo de dez días, aplicando o disposto no Regulamento, e que a Facultade se dotase dun regulamento de xestión de espazos que concretase as disposicións xerais para ter en conta a realidade organizativa e funcional do centro.”

E acompañaba a acta da reunión da Comisión Xeral de espazos que recollía os seguintes acordos adoptados por unanimidade:

“.../ 6. Así mesmo, recoméndase que a Facultade se dote dun regulamento de xestión de espazos que concrete as disposicións do Regulamento á realidade organizativa e funcional do centro para dispor dun instrumento que evite ter que resolver este tipo de casos particulares mediante procedementos extraordinarios ou que non estean adaptados á realidade do centro.

7. En relación á comunicación ás persoas que perden a vinculación coa universidade aos efectos de dispor de espazos individuais nos edificios da institución, e dada a imposibilidade material de dispor das notificacións do cese destas relacións, recoméndase que sexan as direccións dos centros as que comuniquen á Xerencia da USC os casos nos que se deban enviar as comunicacións previstas no Regulamento.”

Á vista do exposto nos anteriores puntos 6 e 7 da acta, e feito o seguimento da problemática solicitouse un informe sobre as actuacións que teña realizado, e/ou previsto realizar a Facultade ao respecto, informando o decanato o seguinte:

“Que con data 12/01/2025 a Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Biblioteca da Xunta de Centro aprobou o Grupo de Traballo que na actualidade atópase en proceso de elaboración dun regulamento de xestión de espazos da Facultade.”

Q 2310/01

Recibido un escrito comunícase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa por entender que a problemática exposta: a demora na publicación da *Convocatoria dos Premios Nacionais de Fin de Carreira* por parte do Ministerio de Universidades, excede do ámbito de competencias que ten atribuídas o Valedor, cuxa actuación se restrinxe á Universidade de Santiago de Compostela, segundo o establecido no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

Artigo 2.- Funcións e garantías.

1.- O valedor ou valedora da comunidade universitaria exercerá as funcións que este Estatuto lle encomende e as que contemplan as disposicións de desenvolvemento..../ .../

4.-En particular, o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, coidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade.

E infórmolle que o axeitado sería que dirixira a súa queixa ao *Defensor del Pueblo* (<https://www.defensordelpueblo.es/gl/>)

Q 2310/02

Queixa presentada por unha estudante motivada pola denegación dunha solicitude de dispensa de asistencia a clase por motivos laborais nun máster.

A estudante presentou un recurso que foi estimado parcialmente, retrotraendo as actuacións por un defecto no procedemento que se tiña levado a cabo, para que sexa valorada novamente a dispensa.

Q 2310/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por unha persoa pertencente á Comunidade Universitaria expoñendo a falla de iluminación nas inmediacións do estadio universitario, o que implica situacións de inseguridade para os transeúntes

Solicitouse informe ao Sr. director da Área de Infraestruturas da USC, quen remitiu o seguinte:

- “1. Da descrición que fai a persoa que formula a queixa entendo que se está a referir á saída do estado de atletismo na Avenida de Nóvoa Santos, sen número.
2. Da descrición que fai dos elementos de iluminación, entendo que considera insuficiente a luz que fornecen os farois das beirarrúas da avenida.
3. O mantemento e reposición destes elementos de iluminación pública é responsabilidade do concello de Santiago de Compostela en virtude dos protocolos e convenios que o concello e a universidade asinaron en 1989 e 2005 sobre o mantemento do viario e instalacións do campus universitario.”

Á vista do expresado no apartado 3 do anterior informe e en virtude do establecido no art. 10.7 do Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

Art. 10.7.-.../ Tamén poderá formular recomendacións perante outros órganos ou administracións públicas a través do reitor.

Solicitouse que traslade ao Concello de Santiago de Compostela a recomendación de que adopten as medidas precisas para garantir unha adecuada iluminación nos viais do Campus Vida ao obxecto de que se eliminen posibles situacións de inseguridade.

Q 2310/04

Foi presentado un escrito por alumnado do Grao motivado pola ausencia de docencia nunha materia debido á demora na substitución da profesora, en situación de baixa por circunstancias de saúde.

Solicitouse información á Sra. decana da Facultade, que envía o informe elaborado polo Departamento no que se xustifica o seguinte e do que se deu traslado ao interesado:

“.../-o día 19 de setembro, ás 14:24, a devandita titular informa mediante correo electrónico ao departamento da súa baixa por enfermidade. -o día 20 de setembro, ás 8:38, a secretaria administrativa do departamento envía a documentación pertinente para tramitar a cobertura de dita baixa. Ese mesmo día a Coordinadora da área ponse en contacto coa Coordinadora da titulación, para informala da baixa e da petición de cobertura. Desde a Coordinación envían un correo ás 9:27 ao alumnado dando conta da situación e da tramitación da solicitude de cobertura da baixa. Indícaselles que os tramites poden tardar uns días, pero en ningún caso se lles comenta que non se vai a cubrir a baixa ou que a cobertura poda ser deficitaria.

-o día 25 de setembro, preocupados pola falta de contestación desde o Vicerreitorado de Profesorado sobre este caso, chamase ao Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador que informa de que están a estudar varias coberturas de baixas e que entre elas está esta, pero que se porán en contacto co Departamento en breve.

-o día 27 a Secretaria académica do departamento recibe unha chamada da Secretaria do Vicerreitor citándoa para o luns 2 de outubro ás 10:00 no Vicerreitorado de Profesorado. Nesta cita, entre outras cuestións, se acorda a cobertura da praza.

-o día 10 de outubro o Vicerreitorado de Profesorado autoriza a contratación da substitución da baixa ás persoas que están en lista de agarda. Esas persoas teñen hasta as 15:00 do día de hoxe (13 de outubro) para informar do seu interese.

A decana da Facultade foi informada en todo momento da situación e ela mesma foi preguntada polo alumnado xa que é docente do mesmo curso.

Como vostede sabe, o trámite de contratación está suxeito a unha serie de requisitos, como son a presentación por parte do/a interesado/a dun certificado médico cuxa adquisición require de un tempo, polo que é de esperar que o contrato se asine a finais da próxima semana, máis esta cuestión non depende da Facultade nin do Departamento que como tamén sabe, non teñen capacidade de contratación.”

Q 2310/05

Foi presentado un escrito por un estudante de doutoramento en representación dun grupo de estudantes aos que lles foron concedidos *Contratos Santander para a obtención da práctica profesional para o alumnado matriculado nun Máster oficial* e que inician a súa andadura na investigación e con posterioridade se lles comunica a incompatibilidade dos

mesmos cos estudos de doutoramento que estaban a cursar, aspecto que non se recollía nas bases da convocatoria

No informe solicitado á Sra. vicerreitora de Política Científica, xustifica o seguinte:

“.../Tal e como o propio alumno explica no seu escrito, esta incompatibilidade derívase do “Acordo do 29 de marzo de 2022, da Comisión Paritaria, polo que se modifica o acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela”.

O artigo 9 bis 3 deste acordo sinala:

“A duración deste contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder de un ano. A formalización da matrícula nun programa de doutoramento será causa de extinción do contrato.”

Efectivamente na convocatoria non aparece unha mención expresa a esta normativa específica, pero dado o seu carácter de norma superior é obriga da universidade respectala e aplicala cando proceda.

A segunda razón de queixa é o retraso da resolución da convocatoria, que foi publicada o 25 de maio, cun prazo de 10 días naturais para presentar solicitudes, e resolta definitivamente o 2 de outubro.

Esta Vicerreitoría entende que dado que a incompatibilidade entre o contrato formativo e o feito de estar matriculado nos cursos de doutoramento ten a súa orixe nunha normativa que a propia universidade está obrigada a cumprir, non existían outras alternativas que ás propostas dende a Área de Xestión de I+D. En todo caso en vindeiras convocatorias incorporaranse ás mesmas as condicións que deberán cumprir as persoas a contratar e especificaranse as incompatibilidades aos efectos de que as persoas candidatas podan valorar atendendo á súa situación persoal si as mesmas son do seu interese ou non.

Con respecto ao prazo na resolución da convocatoria, que a persoa que presenta a queixa entende inexplicable, o mesmo debeuse á factores de acumulación de traballo na Área de Xestión de I+D, especificamente na Subárea de Xestión de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D, que impediu resolver, tal e como inicialmente estaba previsto, nun prazo menor. Esta situación é en boa parte debido a que un bo número de convocatorias de distintas administracións á que concorre a USC sufriron retrasos na súa resolución o que a súa vez xerou retrasos na xestión por parte dos servizos administrativos da USC. Na medida do posible tentárase, no sucesivo, acortar os prazos de resolución.”

Q 2310/06

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao, motivado pola demora da resolución da súa solicitude de recoñecemento dos estudos que ten cursados na UNED, o que lle ocasiona diversos prexuízos de índole académico e persoal.

Solicitouse información á Sra. decana da Facultade e tense recibido resposta da Sra. secretaria na que indica o seguinte:

“.../Que da lectura da reclamación infírese que o motivo da queixa céntrase na tardanza da tramitación das solicitudes de recoñecemento por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

Que no que atinxe ás fases do procedemento de recoñecemento de estudos dependentes da Facultade da Universidade de Santiago de Compostela os tempos de tramitación foron os seguintes:

- O 12 de setembro de 2023, a Unidade de Xestión Académica remitiu o expediente do estudante a través de FLEXIA.
- O 18 de setembro de 2023, reuniuse a Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade a efectos de informar sobre a solicitude presentada,
- O 19 de setembro, tras as correspondentes firmas, o Informe da Comisión de Validacións e Recoñecemento da Facultade sobre solicitude de recoñecemento de estudos foi remitido á Unidade de Xestión Académica.
- Posteriormente, na Unidade de Xestión Académica detectou un erro no referido informe, retrocedendo o expediente a FLEXIA para a subsanación do mesmo.
- O 9 de outubro de 2023, tras unha nova reunión da Comisión de Validacións e Recoñecementos da Facultade, remitiuse o informe final de recoñecemento de estudos, finalizando aquí a tramitación da súa solicitude no ámbito de competencia da Facultade.

Que o estudante foi atendido presencial e telefonicamente durante a tramitación do seu expediente pola Secretaría do Decanato, así como pola Secretaria do centro, e pola Decana da Facultade, explicándoselle o procedemento de recoñecemento.”

Q 2310/07

Alumna dun Grao que está a cursar estudos mediante Intercambio Erasmus durante todo o curso académico e que pretende matricularse nunha materia con docencia na USC. Dende o centro infórmanlle que non existe esa posibilidade segundo o recollido no Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes da USC.

Non se admite a trámite como unha queixa ao considerar que se está aplicando a normativa e non se aprecia que se estea a conculcar ningún dos seus dereitos.

Q 2310/08

Foi presentado un escrito por un estudante dunha Facultade expoñendo os problemas que teñen co funcionamento das máquinas de reprografía nese centro e co deficiente servizo técnico das mesmas.

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. xerente da Fundación USC xustifica o seguinte:

“INFORME-VALORACIÓN SERVIZO MÁQUINAS AUTOSERVIZO NA FACULTADE.

1. OBXECTO. O presente informe ten por obxecto valorar o funcionamento das máquinas autoservizo que están a disposición da comunidade universitaria nos centros dos diferentes campus universitarios.

2. FINALIDADE E CARÁCTER. Este informe emítese a petición dunha queixa achegada polo Valedor da Comunidade Universitaria e presentada por un estudante da Facultade. A Fundación

USC, Medio Propio da USC, presta o servizo de reprografía dende o 31 de outubro de 2022, onde se formalizou o encargo para a “prestación do servizo integral de reprografía, edición e impresión dixital da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”. Previamente analizouse a situación previa do servizo e adaptouse o mesmo ás necesidades actuais da USC establecidas no encargo de xestión.

3. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN As máquinas autoservizo que están instaladas en diferentes centros da Universidade de Santiago de Compostela teñen a finalidade de facilitar a utilización dun servizo de impresión, dixitalización ou de fotocopiar documentación sen ter que achegarse a unha das unidades de reprografía que hai tanto no Campus Sur coma no Campus Norte.

A continuación explicamos o funcionamento e o protocolo de atención das mesmas, tanto desde o servizo de reprografía coma desde o servizo técnico de mantemento de todas as máquinas que hai na USC dependente da Fundación USC.

As máquinas autoservizo están controladas en tempo real a través dunha ferramenta informática para ter coñecemento das posibles incidencias ou necesidades da propia máquina. Un técnico da Fundación USC achégase, con carácter mensual, para facer unha revisión do estado xeral da máquina, da reposición de papel (salvo que a mesma xa esgotar o papel con anterioridade) e do seu funcionamento correcto.

En caso de que a máquina non estea funcionando correctamente, con carácter inmediato se reporta un aviso ao servizo técnico para que pasen a facer unha revisión.

A maiores das visitas mensuais, con carácter diario, ás máquinas remiten a través da ferramenta coas que se controlan un informe do número de páxinas impresas ese día. Se se observa que unha máquina non remite informe con número de páxinas impresas durante varios días seguidos, o servizo de reprografía revisa esa máquina.

O número de copias mensuais que realizan algunhas máquinas é reducido, o que pode producir problemas de atascamentos posto que son máquinas que habitualmente están “sen temperatura”.

Cando un usuario ten algunha incidencia cunha máquinas mentres está a imprimir, inténtase resolver a incidencia por teléfono. Se non fose posible polo tipo de incidencia, en canto é posible, un técnico do servizo achégase ao centro para resolver a mesma. En caso de que a tarefa de impresión non fose finalizada polo usuario, o saldo que se desconta abóaselle ao estudante ou traballador da USC.

As incidencias recibidas no servizo de atención técnica son principalmente por atascamentos ao intentar imprimir traballos impresos con moita masa (sobre todo diapositivas). Calquera máquina, incluídas as de produción situadas nos centros de reprografía que realizan moitas copias diarias, teñen problemas á hora de imprimir traballos con moita masa e neste caso, máquinas cun uso reducido poden dar máis problemas e incidencias.

De todos os xeitos, desde o inicio da prestación do servizo por parte da Fundación USC en novembro de 2022, nas máquinas autoservizo temos rexistrados cinco avisos ao servizo técnico.

Só un destes avisos corresponde coa Facultade (aviso por atasco da máquina) con data 30 de outubro de 2023 e ese mesmo día quedou resolto.

Outro dos problemas que no escrito se indica é que en determinadas ocasións as máquinas non están conectadas co servidor. Este problema de conexión pode deberse a cuestións alleas ao servizo de reprografía, como pode ser que haxa algún problema na rede da USC en momentos puntuais ou que alguén por erro apagase o equipo.

4. CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA. O servizo de atención ao cliente non detectou un incremento nas incidencias nesta máquina e aquelas que nos remitiron tanto por escrito coma por teléfono foron solucionadas. Destacar que a única vez que tivo que asistir presencialmente o técnico foi o 30 de outubro e solucionouse no mesmo día.

SEGUNDA. Dependendo do tipo de incidencia queda resolta nun período de 24-48 horas se ten que asistir presencialmente o técnico.

TERCEIRA. A reposición de papel e supervisión xeral das máquinas realízase aproximadamente cada 30 días.

CUARTA. En total son aproximadamente 21 máquinas autoservizo situadas polos campus universitarios e as incidencias e protocolo de supervisión é igual para todas as máquinas e centros.”

Q 2311/01

Foi presentado un escrito por unha alumna á que lle foi concedido un contrato dentro da convocatoria de *Contratos Santander para a obtención da práctica profesional para o alumnado matriculado nun Máster oficial* e con posterioridade, 17 días despois segundo manifesta a alumna, comunícaselle a imposibilidade de que poida asinar o contrato motivado porque “*a obtención do título deberá estar dentro dos 3 anos anteriores*”, cousa que tamén a interesada indica que non se corresponde coa realidade.

A Sra. vicerreitora de Política Científica, xustificaba o seguinte:

“.../A alumna puido participar nesta convocatoria toda vez que as bases da mesma sinalaban, base cuarta, “*A data límite da obtención do título establecido no parágrafo anterior deberá estar dentro dos 3 anos anteriores ou, dos cinco anos no caso de persoas que acrediten algunha discapacidade, á data fin do prazo de solicitudes desta convocatoria*”.

A data na que a estudante obtivo o seu título de grado foi o 10 de xullo de 2020, sendo a data de remate da presentación das solicitudes o 5 de xuño de 2023, polo que a solicitante cumpría naquel momento a condición requirida.

A data da resolución definitiva da convocatoria efectuouse o día 2 de outubro de 2023, con certo retraso sobre as previsións iniciais, achacables ao volume de solicitudes en concreto nesta convocatoria e ao volume de traballo que soporta a Área de Xestión de I+D e mais especificamente a subárea de Xestión de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D.

Finalmente o contrato de traballo non puído ser asinado por razóns estritamente legais, xa que a modalidade de contrato proposto está regulado no artigo 11.3 b) do Estatuto dos Traballadores, norma superior de obrigado cumprimento, que sinala:

b) O contrato de traballo para a obtención de práctica profesional deberase concertar dentro dos tres anos, ou dos cinco anos se se concerta cunha persoa con discapacidade,

seguintes á finalización dos correspondentes estudos. Non se poderá subscribir con quen xa obtivese experiencia profesional ou realizase actividade formativa na mesma actividade dentro da empresa por un tempo superior a tres meses, sen que se computen para estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación.

Lamentablemente na data de resolución da convocatoria non era posible que a estudante asinara o contrato de traballo xa que se superaran os tres anos dende a obtención do título de grado.

De cara a vindeiras convocatorias, e para evitar situacións como esta, revisaranse as bases das mesmas aos efectos de que figuren de forma clara as condicións que debe cumprir as persoas candidatas nas diferentes fases do procedemento, tanto no referente á participación como no referente á materialización do contrato de traballo.

Tamén, dentro das posibilidades do departamento encargado da xestión, procurarase axilizar os procedementos de revisión da documentación, avaliación das solicitudes e resolución das convocatorias, para evitar que os prazos se dilaten mais alá do razoable.”

Q 2311/02

Foi presentado un escrito por un estudante en representación de tres estudantes latinoamericanos poñendo de manifesto a problemática derivada do recoñecemento dos seus estudos nos países de orixe e o acceso e matrícula a un Máster que están cursando na USC.

Feitas xestións diante da Área Académica aos estudantes anúlaselles a matrícula no Máster e matricúlanse nos estudos de Grao, onde se lles recoñecen estudos cursados nas universidades de orixe.

Q 2311/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito polo Sr. decano dunha Facultade solicitando a intervención do Valedor debido á recepción de distintos correos electrónicos enviados por unha estudante nos que profire insultos ao persoal docente e de administración e servizos en diferentes contextos nos que as súas peticións, por desaxustes á normativa, non eran atendidas. A mesma comunicación do decanato foi remitida á Secretaría Xeral da USC acompañando os correos aos que se fai referencia.

Considerando que dito escrito reúne os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite como unha queixa e dada a gravidade do posible feito denunciado, non acorde aos principios que deben rexer as actuacións de calquera membro da comunidade universitaria,

recomendouse que se inicie o correspondente procedemento disciplinario, para dirimir as posibles responsabilidades de ser o caso.

Con posterioridade o Sr. reitor informa da incoación dun expediente disciplinario á alumna.

Q 2311/04 - Recomendación

Actuación de Oficio, motivada porque dende a aprobación da *Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a Dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias* téñense recibido nesta Institución distintas consultas e tramitado diferentes queixas relativas á materia de dispensa de asistencia á clase.

Da análise de todas esas consultas e queixas despréndese que existen importantes incongruencias e contradicións entre o establecido na Instrución e a interpretación e aplicación que se fai da mesma por parte dos Centros á hora da súa concesión, e por parte do profesorado das materias no momento da implementación. Isto implica que ao alumando se lle concede a dispensa, mais na práctica non pode exercer o dereito recollido nos Estatutos da Universidade

Ao obxecto de evitar estas disfuncións recomendo á Dirección da Área Académica que se faga unha análise do establecido na referida Instrución 1/2017 para clarificar o procedemento a empregar nestes casos e a precisión das competencias dos distintos axentes (centros, profesorado, alumnado) implicados no proceso.

Con data do 25/11/2024 o Consello de Goberno probou un novo *Regulamento de asistencia a clase nas ensinanzas oficiais de grao e máster* da Universidade de Santiago de Compostela, que producirá plenos efectos a partir do curso académico 2025-2026, debendo aplicarse na elaboración da programación académica que se realice para ese curso.

Q 2312/01

Escrito referido ao proceso de “*Asignación de axudas en concorrencia competitiva a actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social no ano 2023*”. No mesmo, fai distintas observacións referidas á non observancia da convocatoria na conformación do Comité de Selección, así como á falla de baremación na resolución das solicitudes presentadas. Os feitos aos que fai referencia aconteceron o día 15/02/2023 no caso da Convocatoria das axudas e con data 22/05/2023 a publicación da resolución.

Á vista de ambas datas, infórmase que a súa demanda de actuación do Valedor non pode ser atendida ao considerarse a súa solicitude extemporánea segundo o que establece o Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

Artigo 10.- Procedemento

1. A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

Por iso, comunícaselle que ao ter transcorrido máis de dous meses dende que tivo coñecemento dos feitos, o escrito non pode ser admitido a trámite como unha queixa. No entanto damos traslado das súas observacións ao Consello Social por se consideran oportuno tomarlas en consideración no desenvolvemento de vindeiras convocatorias.

Q 2312/02

Recibiuse nesta Institución un escrito presentado por un PDI expoñendo que non lle aplican a redución docente por cargo académico como coordinador de área por pertencer á mesma área que outros cargos do departamento.

En relación co mesmo, infórmase que non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está conculcando ningún dereito, xa que como indica no seu escrito, estase a aplicar o establecido no *Reglamento de Planificación Académica* e no *Reglamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC*.

Neste sentido, se como manifesta está desconforme co establecido na Normativa, indícaselle que pode instar a súa modificación a través dos seus representantes nos distintos órganos de goberno da USC.

Q 2312/03

Foi presentado un escrito por un estudante de Grao, motivado pola demora na resolución da solicitude de recoñecemento dos estudos que tiña cursado na Universidade de Granada, así como polo exíguo número de materias que lle foron recoñecidas.

O Sr. decano da Facultade xustificaba o seguinte:

- a) A Comisión Académica do Grao emitiu o informe de recoñecemento de estudos no Grao dentro do prazo solicitado.
- b) O día 15/9/2023, dende a UXCD informouse ao estudante -a través de correo electrónico e de xeito presencial- sobre o sentido e o contido do informe emitido pola Comisión de Grao. Ademais, recomendóuselle contactar directamente co profesorado en tanto no lle chegase a resolución do órgano competente.
- c) O alumno puido sentirse prexudicado pola tardanza na emisión da resolución pero, dende os primeiros días do curso, tivo ao seu alcance a información e os medios necesarios para incorporarse aos estudos de Grao, en igualdade de condicións que o resto do alumnado."

Q 2312/04

Foi presentado un escrito por unha representante do alumnado de 1º curso do Grao, motivado pola "diferencia de contido que terán os exames finais dunha materia para os distintos grupos expositivos da materia.

O director do departamento comunica que se inicia un proceso de consulta co profesorado da materia. Con posterioridade informan que se realizou o mesmo modelo de exame con contido diferente (18 temas versus 12 temas).

Q 2312/05

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Grao referido á comunicación por parte dun profesor da imposibilidade de que acceda á clase por ter dispensa de asistencia concedida.

A Sra. secretaria Xeral da USC informou o seguinte:

1.- Con data do 15 de decembro de 2023 a responsable da Unidade dunha Facultade realizou a seguinte consulta á Secretaría Xeral, indicando o seguinte:

"Unha alumna que pediu dispensa de asistencia a clase por motivos laborais (enfermeira con quendas) pero está a asistir habitualmente. O profesor que presentou o problema comenta que esta alumna non estivo asistindo a clase durante o mes no que tiñan que realizar traballos e a partir de aí comezou a asistir. O alumnado con dispensa ten un sistema de avaliación diferenciado e o profesor comenta que se está beneficiando das clases ás que vai e da non presentación dos traballos. Ela pide que lle digamos onde está a normativa que di que non pode asistir a clase porque leva facendo isto tres anos. De feito este ano ten a dispensa en seis materias e só un profesor evidenciou este problema."

2.- Con data do 18 de decembro contestouse á referida consulta por correo electrónico indicando que *“ se ten a dispensa é porque non pode asistir a clase. En consecuencia, ou se lle revoca a dispensa ou non se lle permite asistir a clase.”*

3.- A dispensa de asistencia a clase está regulada no artigo 130 do Estatutos da USC

1. *A Universidade de Santiago de Compostela, por acordo do seu Consello de Goberno, regulará as modalidades de matrícula para os estudos que desenvolva.*
2. *En todo caso, a formalización da matrícula supón o dereito de asistencia e participación en todas as actividades formativas que se establezan na programación docente e a ser avaliado. Asemade, implica o deber de asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente.*
3. *Con carácter singular para casos específicos, a xunta de centro poderá conceder a dispensa de asistencia á clase. Nestes casos, se for necesario, poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.*

4.- O desenvolvemento deste precepto produciuse pola Instrución da Secretaría Xeral 1/2017. Nela establécense como causas para a dispensa situacións xustificadas que impiden que o alumnado poda acudir ás aulas. Así mesmo, indícase que para concedela se debe ter en conta:

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a falta doutra alternativa para cursar os estudos
- Contemplan a natureza dos estudos, debendo ser denegada cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias e actividades , en particular as de contido práctico.
- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos á asistencia a clase

Tamén se indica que nos caso de concesión da dispensa determinarase o sistema de avaliación alternativo.

5.- En consecuencia, o réxime ordinario de estudos na USC é a presencialidade na aulas e a obriga de asistencia ás mesmas. Só en casos excepcionais e por causas taxadas que impiden que o alumnado poda acudir a clase, poderase conceder unha dispensa co seu réxime específico e alternativo de avaliación.

O que non se considera compatible é que o alumnado que solicite unha dispensa por non poder acudir a clase, acuda ordinariamente ás aulas pero non realice as actividades de formación continua nas mesmas e se acolla ao réxime excepcional de avaliación que lle foi concedido.

Por todo o anterior, o réxime ordinario de asistencia a clase se contrapón co réxime de dispensa que é a excepción ao anterior, sen que estea previsto legalmente nin sexa posible autorizar un sistema mixto (acudir as aulas cando se considere e realizar a avaliación polo réxime establecido para o alumnado con dispensa), razón pola que esta Secretaría Xeral se ratifica na resposta enviada á Facultade.”

Foi presentado un escrito por un estudante paquistaní matriculado nun *Máster* ao que lle foi denegada a súa solicitude de visado de estudos por parte da embaixada española, o que imposibilita que poida cursar estudos en España e polo que solicita a devolución dos prezos públicos de matrícula

A Sra. Directora da Área Académica explicaba o seguinte:

.../2. Adicionalmente, existe unha convocatoria específica de matrícula anticipada nos estudos de máster universitario oficial para o alumnado con titulacións de acceso de sistemas educativas alleos ao espazo EEES, publicada para o curso académico 2023-2024 o día 16 de febreiro de 2023, no que se ofertaron 6 prazas para o máster no que se matriculou a persoa que presenta a queixa. Nesta convocatoria expresamente se recolle “4.3.- Los/Las estudiantes inscritos/as podrán anular la matrícula formalizada en los términos y condiciones establecidos por la Convocatoria General de Matrícula sin derecho a la devolución del precio de gestión de la reserva de plaza”.

II. A petición do estudante

Alega o estudante a denegación do visado como causa obxectiva para a devolución das contías aboadas á Universidade de Santiago de Compostela. Con independencia do importe aboadado para a realización do exame de idioma (que non é competencia do Servizo de Xestión Académica), o calendario sinalado anteriormente é claro, establecendo como data límite para tal petición o 1 de novembro de 2023. Neste sentido, a falta de obtención do visado exixible non é imputable á Universidade de Santiago de Compostela, de aí que non resulte posible a devolución do importe total da matrícula.

Ademais, na data de presentación desta queixa, o alumno xa fora informado desde o Servizo de Xestión Académica sobre como realizar este trámite de anulación de matrícula a través da Sede electrónica. Con data de 4 de xaneiro, tal solicitude non foi presentada formalmente.

Informamos, por ser relevante ao caso, que con data de 27 de decembro de 2023, foille notificada a resolución de anulación de oficio da súa matrícula por falta de presentación de documentación esencial. Desde o punto de vista económico supón a devolución dos importes correspondentes aos créditos das materias do segundo semestre (369,36 euros, s.e.u.o.).

Q 2312/07

Foi presentado un escrito por un ex traballador da USC motivado pola expedición dunha certificación de servizos previos (Anexo I) na que, ao seu entender, non se contabilizan de xeito correcto os días de servizos prestados nesta universidade.

A Sra. xefa do Servizo de Xestión de Persoal informa que procedeuse á emisión dun formulario Anexo I co cómputo de días naturais e que foi remitido ao interesado.

Q 2312/08

Foi presentado un escrito por un membro do PTXAS motivado polas dificultades que tivo para poder conectarse en remoto durante o período de peche de Nadal, ao igual que lle tiña acontecido no ano pasado.

O Sr. Subdirector de Servizos para a Docencia e a Investigación Área TIC, remite un informe no que xustifica o seguinte:

“Uns días antes do período do peche de Nadal informouse ao interesado, que tiña preparado un equipo na Facultade e que debía acudir o xoves 21 ou venres 22 para comprobar que todo funciona correctamente, en conversación coa técnica da Área TIC que atende este centro, indicoulle que estaba saturado de traballo polo que non podería desprazarse, non insistimos máis ao ser un usuario do servizo de VPN dende o 23/12/2022.

Chamou ao CAU ás 9:21 o día 26 de decembro indicando que non podía conectar co seu equipo remoto, revisáronse as configuracións e reinstalouse a cliente de VPN ás 9:41, pero seguía tendo problemas de conexión ao seu ordenador do CACTUS, chegando á conclusión de que o problema estaba no seu ordenador do CACTUS, xa que non tiña habilitada a conexión de escritorio remoto, descoñecemos dende cando estaba deshabilitada. Sendo polo tanto un problema do seu equipo e non do ordenador habilitado na Facultade para os seu uso durante o peche de Nadal nin da configuración do servizo VPN e/ou os permisos.

Unha vez detectado o fallo, dende o CAU de xeito remoto, sobre ás 12:30 habilitóuselle a conexión de escritorio remoto no seu equipo no CACTUS, pechando a incidencia ás 13:51 do mesmo día 26 de decembro unha vez confirmado o correcto funcionamento da conexión co seu equipo no CACTUS.”

Q 2312/09

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos, motivado pola súa “exclusión no proceso selectivo C2 co requisito de idioma e pola negativa á devolución das taxas.

Nos informes solicitados, o Sr. xerente da USC indicaba que xa remitira con anterioridade un escrito á Subárea de Planificación de PTXAS co mesmo contido da queixa, o que se lle deu tratamento de recurso, remitíndose o correspondente informe ao servizo de Asesoría Xurídica para a súa resolución.”

Q 2312/10

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos, motivado pola demora na toma de posesión como funcionario de carreira do grupo C2 respecto ao prazo establecido na convocatoria.

O Sr. xerente informa que xa remitira con anterioridade un escrito á Subárea de Planificación de PTXAS co mesmo contido da queixa, o que se lle deu tratamento de recurso, remitíndose o correspondente informe ao servizo de Asesoría Xurídica para a súa resolución.

Q 2401/01

Recibiuse nesta Institución un escrito referido ao proceso de cese e non renovación dunha praza que ocupaba en comisión de servizos, e á oferta e adxudicación da mesma mediante comisión de servizos a outra persoa. E infórmolle que o mesmo non se considera que poida ser admitido a trámite como unha queixa, xa que o solicitado excede o ámbito de competencias do Valedor:

“A anulación ou revogación das seguintes resolucións da xerencia:

- Resolución da Xerencia do 12-12-2023 pola que se oferta a Xefatura da Sección de Programación e Selección de Persoal*
- Resolución da Xerencia do 2-1-2024 pola que se me cesa “por finalización de prazo regulamentario”*
- Resolución da Xerencia do 10-1-2024 pola que se publica a motivación pola que se adxudica a Comisión de Servizos ofertada por resolución do 11-12-2023.”*

Por outra banda, dado que aínda está aberto o proceso de reclamación en vía administrativa recomendámoslle que estude a posibilidade de interpoñer os oportunos recursos contra ditas Resolucións da Xerencia, para intentar acadar a súa pretensión de anulación ou revogación das mesmas.

Tense dirixido ao valedor da Comunidade Universitaria unha integrante do Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos, expoñendo que solicitou un cambio de posto de traballo por motivos de saúde e dende a Xerencia se lle comunicou a adscrición con carácter provisional nun posto base na Unidade de Xestión de Centro e Departamentos. A interesada presenta un informe médico, no que se indica que polas circunstancias da súa patoloxía e o seu estado actual de saúde se recomenda a súa adscrición a un posto no que a *“paciente se vería beneficiada para reforzar su confianza y tranquilidad la que es de extrema importancia para su recuperación y reincorporación a la vida laboral”*. Co fin de conseguir o ambiente máis adecuado para a súa recuperación no informe médico indícase que:

“.../solicitamos cambio de puesto de trabajo de la paciente al Departamento, favoreciéndose la no exposición al público y la no exposición a puestos con amplio equipo de RRHH y alumnado para beneficio de su salud mental al restablecer sus actividades habituales.”

Por todo isto a presentadora do escrito solicita a adscrición ao posto de departamento, polas características do mesmo e por ser o que desenvolveu durante 14 anos sen influír negativamente na súa saúde mental.

Así pois, á vista do exposto doulle traslado da situación á Xerencia co fin de que analice a posibilidade de acceder á solicitude, agardando que me informe da decisión adoptada.

A Sra. vicexerenta Xeral Técnica, con posterioridade, indicaba:

.../A Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, no seu artigo 98, relativo á adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación, establece o seguinte:

1. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden adscribir o persoal funcionario de carreira a postos de traballo en distinta unidade ou localidade, logo de solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación da persoa solicitante, do seu cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ao seu cargo, cando concorran os seguintes requisitos:

- a) Informe previo favorable do servizo médico oficial correspondente ao réxime da Seguridade Social aplicable á persoa interesada.*
- b) No caso de que a solicitude se basee en motivos de saúde ou rehabilitación da persoa solicitante, informe previo favorable do respectivo servizo de prevención de riscos laborais sobre a procedencia da adaptación do posto de traballo ou, no seu defecto, do cambio de posto de traballo ante a situación posta de manifesto.*
- c) Existencia de postos vacantes con asignación orzamentaria.*

- d) Que o complemento retributivo do posto de destino non sexa superior ao do posto de orixe.
- e) Que o solicitante reúna os requisitos para o desempeño do posto. A denegación da adscrición deberase motivar.

2. A adscrición regulada neste artigo ten carácter provisional, sen prexuízo da aplicación da normativa sobre riscos laborais cando esta se basee en motivos de saúde ou rehabilitación do persoal funcionario. O posto de traballo de orixe reservarase, sempre que se ocupe con carácter definitivo, mentres se manteña a causa que motiva a adscrición.

3. Regulamentariamente determinarase o procedemento para a realización das adscricións previstas neste artigo, así como para a comprobación periódica, e, en todo caso, anual, de que persisten as circunstancias que as xustificaron.

O regulamento de Mobilidade de Pas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado no Consello de Goberno o 30 de outubro de 2020 e modificado por acordo do mesmo órgano o día 28 de decembro de 2022 indica o seguinte:

Sección 3ª: A adscrición por motivos de saúde ou de rehabilitación

Artigo 27. Supostos e requisitos

- 1. A Xerencia poderá adscribir ao persoal funcionario de carreira a outro posto de traballo en distinta unidade administrativa ou localidade onde presta os seus servizos por motivos de saúde ou de rehabilitación, ben da persoa interesada, ben do seu cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar en primeiro grao de consanguinidade ao seu cargo.
- 2. En todos os casos, as circunstancias que poden xustificar unha petición de traslado por este motivo, refírense a aspectos médicos de especial consideración ou gravidade.
- 3. Para proceder a esta adscrición é necesario que concorran os seguintes requisitos:
 - a. Informe previo favorable do servizo médico oficial correspondente ao réxime da Seguridade Social aplicable á persoa interesada, no que se faga constar a incidencia negativa no estado de saúde do posto de traballo que desempeña a persoa solicitante.
 - b. No caso de que a solicitude se basee en motivos de saúde ou de rehabilitación da persoa solicitante, informe previo favorable do respectivo servizo de prevención de riscos laborais sobre a procedencia da adaptación do posto de traballo ou, no seu defecto, do cambio de posto de traballo ante a situación posta de manifesto.
 - c. Existencia de posto vacante con dotación orzamentaria.
 - d. Que o complemento retributivo do posto ao que vai destinado con carácter provisional non sexa superior ao do posto de orixe.
 - e. Que a persoa solicitante reúna os requisitos para o desempeño do posto.
- 4. A adscrición ten carácter provisional e a súa duración será dun ano. Será prorrogada anualmente sempre que se manteñan as circunstancias que deron lugar ao inicio da adscrición, segundo o informe favorable do servizo de prevención de riscos.
- 5. O posto de traballo de orixe reservarase, sempre que se ocupe con carácter definitivo, mentres se manteña a causa que motiva a adscrición. Os postos de traballo que

teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou de rehabilitación non se incluírán nos concursos de traslados, mentres duren as circunstancias que motivaron a dita adscrición.

6. *O persoal funcionario de carreira que estea adscrito por este motivo a un posto en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo, estará obrigado a participar nos concursos que se convoquen axeitados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.*

Artigo 28. Tramitación

1. *A persoa interesada deberá dirixir a súa solicitude á Xerencia, achegando un certificado expedido polo médico ou médica da Seguridade Social que lle corresponda, no que se faga constar a incidencia negativa no seu estado de saúde do posto de traballo que desempeña. Naqueles casos nos que a persoa funcionaria de carreira demande un cambio de localidade, o certificado deberá sinalar, ademais do estado de saúde da persoa na que se basea a petición de mobilidade, as condicións xeofísicas e medioambientais que necesita para a súa mellora ou recuperación.*

No caso de que a solicitude se basee en motivos de saúde ou rehabilitación do seu cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ao seu cargo, deberá achegar xunto coa solicitude, un certificado médico oficial co tipo de rehabilitación que precisa en relación cos aspectos médicos de especial consideración ou gravidade que xustifiquen o cambio de posto de traballo.

2. *Cando a conveniencia do cambio de posto de traballo ou localidade estea baseada na posibilidade de rehabilitación da persoa funcionaria, cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ao seu cargo, o informe médico manifestará o tipo de rehabilitación que precisa, así como a inexistencia dun centro axeitado para realizar a rehabilitación prescrita na localidade de destino ou en localidades limítrofes situadas nun radio inferior a 30 quilómetros de distancia.*

3. *Recibida a solicitude, a Xerencia remitirá o expediente xunto co informe médico á Unidade de Prevencións de Riscos para a súa valoración. Esta unidade emitirá informe sobre a necesidade da adaptación ou cambio de posto de traballo que desempeñe, valorando a aptitude médico-laboral da persoa funcionaria. No informe deberán indicar aquelas funcións que non poden ser realizadas pola persoa solicitante, no caso de que sexa suficiente a adaptación. (...)*

De acordo con todo o indicado, emito o seguinte INFORME:

1. A adscrición provisional por motivos de saúde no posto base da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos da Facultade produciuse de conformidade co procedemento legalmente establecido e conforme a dereito..

2. A traballadora é titular dun posto nivel 19 (secretaria de decanato da Facultade), o cal permanecerá reservado mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a dita adscrición.

3. A Xerencia, en base ao informe emitido polo Servizo de Vixilancia da Saúde acorda a adscrición provisoria a un posto da Universidade de Santiago de Compostela, no que se indica que as súas funcións non deberían influír *negativamente na súa saúde, “xa que, tal e como recolle o informe, o que verdadeiramente lle afectou e non soubo xestionar foi a carga laboral á que enfrontaba soa, situación que lle desequilibrou tendo que pedir unha baixa médica”*.

4. En todo caso, resulta cando menos paradoxal que un facultativo do SERGAS se auto atribúa competencias na organización dos recursos humanos da USC, dispoñendo da adxudicación de postos da RPT á marxe dos procedementos legalmente establecidos a tal efecto.”

Q 2401/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao motivado pola obrigatoriedade de realizar de xeito presencial un “*Curso de Redacción e Exposición Oral do TFG*”, o que lles foi comunicado o día 17 de xaneiro de 2024 No escrito expón o seguinte:

“La universidad avisó con un periodo de aproximadamente 15 días de una actividad obligatoria para el 31/01/2024 a las 13:00. Ante la imposibilidad de asistencia por mi parte y la de algunos compañeros escribimos correos para tratar de ajustar los horarios para que todos pudiéramos asistir, ya que se trata de una actividad obligatoria para poder presentar el TFG, o por lo menos, que se diera una fecha alternativa a las personas afectadas que no pudieran asistir.

Ante la negatividad de la universidad para proporcionarnos una fecha alternativa, o por lo menos la realización de la actividad por reunión telemática sin cambiar fechas ni horarios, directamente nos ha sugerido que tratemos de pelearnos con la justificación de la no asistencia, y si esta es aceptada, se buscarán alternativas para la realización de la actividad, si no consideran motivo de justificación, la actividad queda como suspensa y con ello la imposibilidad de presentar el TFG y acabar la carrera.”

Admitido a trámite como unha queixa analízase que na *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* establécese que os horarios das materias deben ser publicados con antelación suficiente. Dado que o TFG é unha materia dentro do currículo do grao e que o citado curso ten carácter obrigatorio, debería ser publicada a data de realización do mesmo con maior antelación para que o alumnado poida organizar as súas obrigas discentes coa súa vida persoal, posto que os quince días de antelación co que lles foi comunicado non parece un prazo acaído.

Por iso recomendo que:

-Neste curso académico se consideren as circunstancias debidamente acreditadas que impidan ao alumnado a asistencia á data do curso, proporcionando unha segunda data alternativa para a realización do mesmo.

-En vindeiros cursos se proceda á publicación das datas deste tipo de actividades coa antelación suficiente.

O Sr. decano informa das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“.../Accións realizadas con anterioridade á presentación da queixa

1. Publicación da actividade *Curso de redacción e Exposición Oral do TFG*. A programación do TFG consta de actividades formativas complementarias recollidas na programación docente materia, e que se van concretando a o longo do curso. No caso desta actividade a súa publicación realizouse con case que 4 meses de antelación (2/10/2023), o que semella un prazo axeitado, tal e como xa se indicou, con anterioridade á presentación da queixa, ao alumnado que contactou coa coordinación do TFG. A continuación, detállanse as datas de comunicación da actividade ao alumnado:

- i. 2/10/2023: publicouse na páxina web da Facultade dentro das actividades e a data de celebración (21/01/2024) da actividade *Curso de redacción e Exposición Oral do TFG*.
- ii. 17/01/2024: foi enviado un comunicado ao alumnado coa data de celebración do *Curso de redacción e Exposición Oral do TFG*.
- iii. 30/01/2024: recordouse a celebración do citado curso a todo o alumnado matriculado no TFG.

2. Xustificación das faltas de asistencia. O *pasado* 22/01/2024, con anterioridade á presentación da queixa, indicouse ao alumnado que contactou coa coordinación do TFG que en aplicación do artigo terceiro da *NORMATIVA DE ASISTENCIA A CLASE NAS ENSINANZAS ADAPTADAS AO EEES* “O alumnado poderá xustificar a falta de asistencia por razóns de índole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social debidamente xustificadas. Cando isto suceda e a xustificación fidedigna sexa adecuada e aceptada, a falta non implicará consecuencias negativas.”

3. En reunión celebrada o pasado 22/01/2024, con anterioridade á presentación da queixa, a coordinación do grado e a coordinación do TFG, acordaron realizar unha nova convocatoria da actividade formativa para o alumnado con falta de asistencia xustificada. Ademais, na mesma reunión, co ánimo de revisión permanente de procedementos que se levan a cabo no centro, acordouse que en vindeiros cursos se inclúan no campus virtual da materia TFG as datas previstas das actividades formativas complementarias,.

4. O día 6/02/2024, con posterioridade á presentación da queixa, enviouse unha nova convocatoria da actividade formativa a desenvolver o 21/02/2024 destinada ao alumnado que non puido asistir á convocatoria de xaneiro.”

Q 2402/01 – Recomendación

Foi presentado un escrito por unha estudante invidente no que expón a dificultade coa que se atopan para a súa mobilidade no campus cando se realizan traballos de reparación e mantemento de superficies e de xardíns. No escrito expón o seguinte:

“Nas inmediacións da Residencia Monte da Condesa estanse a realizar unhas obras que impiden o paso con seguridade e non están correctamente protexidas nin facilitan un paso alternativo como esixe a normativa de accesibilidade.

Antecedentes: Somos varias as persoas cegas que cursamos estudos presenciais na universidade e entendemos que o campus é accesible, máis é frecuente a realización de traballos de reparación e mantemento de superficies e de xardíns que provocan problemas graves de mobilidade e perigo físico.

Solicítase:..., que se faciliten pasos seguros ou que finalmente se informe destas accións polas vías que ten a Universidade, como correo electrónico ou SMS, como o fai por exemplo o servizo de informática.”

Admitida a queixa a trámite e para garantir que o campus sexa un lugar accesible para as persoas invidentes e procurar que non se reproduzan futuras situacións como a descrita, recomendo á Área de Infraestruturas que en colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) se estude o establecemento dun protocolo de actuación para a comunicación con antelación suficiente aos estudantes con dificultades de visión das incidencias que puideran atopar temporalmente nos itinerarios que empregan para a súa mobilidade dentro dos campus.

Con posterioridade, indican que atendendo á recomendación dende a Área de Infraestrutura, para garantir que os campus sexan lugares accesibles para as persoas con algunha discapacidade, en particular as sensoriais, propónse a adopción do *Protocolo de actuación para a comunicación de incidencias que afecten á mobilidade das persoas nos campus da USC*.

Q 2402/02

Foi presentado un escrito por un estudante do Grao a través do programa de intercambio SICUE, no que expón a súa desconformidade cos criterios de admisión por traslado para alumnos que cursan estudos en universidades privadas ou da igrexa.

A Sra. directora da Área Académica da USC, xustificaba o seguinte:

“I. Recibida a petición de informe e atendendo as alegacións recollidas nel, deuse traslado ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA), así como ao Servizo de Xestión Académica, Sección de Admisión e Xestión, para que no ámbito das competencias que teñen atribuídas informasen dos aspectos de interese nesta queixa.

II. O primeiro punto a abordar refírese ao número de prazas ofertadas de traslado para continuación de estudos desde outras universidades nacionais para o caso do. Neste sentido, tal e como consta no documento que se achega como Anexo I, a oferta de prazas de traslado tense visto reducida a 17 desde o curso académico 2021/2022, polos motivos expostos no informe do SXOPRA e que damos por reproducidos. Agora ben, cómpre sinalar que, tal e como se confirma desde a Sección de Admisión e Xestión do Servizo de Xestión Académica, das 17 prazas ofertadas, só se cubriron 14 no actual curso 2023/2024, ao non matricularse ou anular a matrícula alumnos que tiñan sido admitidos (Anexo II). En consecuencia, houbo 3 prazas vacantes. Neste punto, malia o exposto na súa solicitude sobre a necesidade de máis prazas, sería cuestionable, xa que obxectivamente non se chegaron a ocupar as xa ofertadas.

III. Polo que se refire aos criterios de admisión para o traslado de expediente de alumnos procedentes dunha universidade privada ou da Igrexa, postos en dúbida tamén no escrito, o Acordo do Consello de Goberno de 27 de maio de 2013 (Anexo III) exige, no punto TERCEIRO, último parágrafo, que *“Os alumnos procedentes de universidades privadas ou da Igrexa, para continuar estudos nas titulacións de grao con límite de prazas que se imparten na USC, ademais dos requisitos que establece o punto terceiro (ter superados 30 créditos de formación básica) deberán ter unha cualificación nas probas de acceso á Universidade igual ou superior a do último alumno admitido nesa titulación no curso anterior”*. Á marxe da manifestada desconformidade do presentador da queixa cos criterios de admisión por traslado para alumnos que cursan estudos en universidades privadas ou da Igrexa, o certo é que en todo momento téñense observado os criterios establecidos normativamente no citado Acordo de Consello de Goberno, onde non teñen cabida criterios subxectivos como os que se indican que se seguen noutras universidades, se non puramente obxectivos, baseados nunha cualificación nas probas de acceso á Universidade. De non mediar cambio normativo, non resulta viable atender a aplicación doutros criterios como os citados, polo que tampouco cabe atender as solicitudes bosquexadas ao respecto.

No corpo da queixa reproducense unha serie de casos dos que se informa que se ten coñecemento “a través de familiares, conocidos y compañeros de curso”. Levadas a cabo as verificacións correspondentes na Sección de Admisión, non se ten apreciado anomalía algunha. Pasamos a aportar a información relevante a estes supostos de admisión, que non son equiparables á admisión que rexe no casos de estudantes procedentes de universidade privada ou da Igrexa.

IV. Indícase tamén que non é posible coñecer “el criterio o normativa aplicado específicamente a esas admisiones y, lo que es casi más importante, la calificación con la que se ha admitido a esas personas ya que esa información no se publica en ningún sitio”. Sen prexuízo do xa exposto *supra*, cómpre sinalar que as publicacións das listaxes de admitidos e de vacantes recollen a nota media coa que son admitidos, é dicir, a nota media do expediente académico da universidade de procedencia, debendo sobreentenderse que ao estar incluídos nas listaxes de admitidos e de agarda, cumpren os requisitos de admisión. Asemade, no caso de resultar excluído, publícase tamén a causa que determina dita exclusión.

V. En virtude do exposto, e sen prexuízo dunha eventual modificación normativa en materia de traslados que permita acabar coas distorsións existentes no procedemento, remítese este informe, quedando á disposición do Sr. Valedor da Comunidade Universitaria no caso de ser precisas aclaracións adicionais.”

Q 2403/01

Recibiuse nesta Institución un escrito referido á posibilidade de matrícula en diferentes materias ata un máximo de 75 créditos.

Comunícaselle que non se pode admitir a trámite como unha queixa xa que esta Institución non ten competencia para atender a súa solicitude.

Nese sentido, informóuselle que a canle axeitada é a que ten seguido mediante a presentación do recurso ante a OAR e que debe agardar a resposta ao mesmo.

Q 2403/02

Foi presentado un escrito por unha estudante do Grao en relación co proceso de cualificación seguido por parte do titor das prácticas externas curriculares.

O Sr. Vicedecano de Organización Académica e Coordinador das Prácticas Externas do Grao, xustificaba o seguinte:

1. Que a valoración reflectida nos distintos ítems e na valoración global do informe do titor, que se achega ao expediente, concretamente de 4,5 sobre 10, é insuficiente para a superación da materia.
2. Que a valoración da memoria elaborada polo alumnado por parte de este coordinador de prácticas externas curriculares unicamente procede cando se obtén polo menos un 5 sobre 10 no informe de valoración do titor, circunstancia esta que non se da no caso que nos ocupa.
3. Que á vista do informe do titor, este vicedecano, na condición de coordinador das prácticas externas curriculares, se puxo en contacto telefónico co titor, a fin de solicitarlle información e, en última instancia, a motivación da súa cualificación.
4. O titor, informa detalladamente acerca do fundamento da súa cualificación. Sinala que ao comezo da práctica se lle encargou á alumna, a realización dunha proba —un caso práctico— cuxa resolución distou moito de ser minimamente satisfactoria. Indicou igualmente que a alumna, non mostrou aptitude suficiente nin actitude ou disposición adecuada para un axeitado desenvolvemento da práctica. Ademais, apuntou que, aínda que se acordara unha certa flexibilidade horaria a fin de facilitar os desprazamentos en transporte público ao lugar de residencia, esta non cumpriu escrupulosamente e en reiteradas ocasións o horario estipulado. E finalmente, sinala que na súa experiencia como titor de alumnado de prácticas externas curriculares, unicamente en dous casos, contando o presente, emitiu un informe desfavorable acerca da actividade desenvolvida polo alumnado titorizado nas prácticas externas curriculares.”

Q 2403/03

Foi admitido a trámite como unha queixa un escrito presentado por un profesor titular, motivado polo proceso de tramitación dunha folla de pedimento para facer fronte ao pagamento dun cargo correspondente a un proxecto de investigación.

En relación coa queixa que ten presentada solicitouse información ao respecto á Área Económica, dende onde indican que tiña que ter seguido o procedemento establecido na Ley General Presupuestaria así como o Regulamento de Xestión Orzamentaria da USC, no que se recolle que antes de enviar a folla de pedimento ao provedor é condición ineludible ter asignado por parte do Responsable de Asuntos Económicos o número de operación.

Dado que o exercicio económico 2023 xa está pechado non é posible imputar o referido gasto no mesmo, aínda que obviamente existe unha débeda contraída co provedor que deberá ser satisfeita.

E complementando o anterior foi requirida información ao Responsable de Asuntos Económicos, quen expón o seguinte:

“En primeiro lugar indicar que sentimos moito o acontecido.

Por suposto non existe ningún condicionante, nin laboral nin persoal, que puidera influír na actuación desta unidade con respecto ao profesor.

Esta Unidade de Asuntos Económicos soporta unha carga de traballo moi elevada, debido a que se xestionan 3 centros universitarios,

Esta xestión conleva a recepción e envío de miles de correos electrónicos cada ano.

No caso que nos ocupa houbo intercambio de distintos correos e diversas comunicacións telefónicas co profesor, mais lamentablemente a folla de pedimento non chegou a ser validada e remitida para que, conforme o procedemento establecido, o profesor Ila puidera enviar ao provedor.

En todo caso a resolución de peche de exercicio 2023 establecía como data límite para alta de autorizacións de gasto (follas de pedimento) o día 1 de decembro. Aínda así, con posterioridade fíxose unha consulta á Subárea de Contabilidade, na procura dunha solución ao problema detectado, informándonos que non era posible arranxalo nese exercicio económico.”

Q 2403/04

Foi presentado un escrito por unha estudante da USC, en relación coa convocatoria e o proceso das prácticas extracurriculares na modalidade de adxudicación preferente.

Solicitouse información ao Consello Social da USC, dende onde se indica o seguinte:

- A realización de prácticas externas extracurriculares pola vía da adxudicación preferente (ou prácticas propiciadas) implica que os estudantes poderán propiciar a celebración de novos

convenios de cooperación educativa cunha determinada entidade a través dos centros ou entidades xestoras. Neste suposto, o estudante que propiciou o convenio terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante. (Artigo 10.2 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela).

- A alumna expresa a súa intención de facer este verán prácticas na empresa a través do procedemento de adxudicación preferente referido no parágrafo anterior. Sen embargo, de acordo coa información que consta nas bases de datos do Consello Social, esta empresa ten convenio en vigor coa Universidade dende o ano 2022. Foi outra alumna a que propiciou no seu día este convenio e a que tivo o dereito de facer a práctica con esta empresa por unha soa vez.
- En consecuencia, con independencia do resto de consideracións que fai no seu escrito, que en todo caso serán analizadas polo Consello Social, esta alumna non se viu prexudicada pola convocatoria de prácticas publicada o pasado 9 de febreiro en atención ao exposto nos parágrafos anteriores.

Q 2403/05

Recibido un escrito de queixa en relación ao proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar e á presentación da documentación requirida para acreditar o nivel de idioma, infórmase que unha vez analizada a documentación e feitas as xestións pertinentes, non se aprecia que se teña conculcado ningún dos seus dereitos, motivo polo cal non foi admitida a trámite como unha queixa.

Q 2403/06

Foi presentado un escrito por un estudante no que expón a súa desconformidade co proceso de modificación dos datos relativos ao seu nome no título universitario do Grao, ao serlle requirido o título orixinal e cobrarlle unha tarifa por importe de 28€ en concepto de *“Duplicado de título universitario oficial”*

A Sra. xefa do Servizo de Xestión Académica da USC, xustifica o seguinte:

1. “Con data 26 de xullo de 2023 o alumno, solicita a expedición do título universitario de Graduado en Historia aboando o prezo establecido no Decreto 121/2022, do 23 de xuño polo que se fixan os presos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/23, que dispón da Tarifa terceira. Títulos e secretaría, apartado b), unha taxa de 123,10 € para ese concepto.
2. O dito título foi retirado polo interesado o 07 de decembro de 2023 e o Suplemento Europeo ao referido título, tamén foi retirado polo interesado o 20 de febreiro de 2024.

3. Con data 13 de marzo de 2024 solicita da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur (en diante UXA Sur) o cambio do seu nome tal e como se reflexaba no título expedido en data do 26-07-2023, logo de realizar unha modificación no asento do Rexistro Civil e no Documento Nacional de Identificación (DNI). O alumno, foi atendido convenientemente polo persoal da UXA Sur aclarándoselle todas as circunstancias relativas ao dito trámite, sen que solicitara en ningún momento ser atendido nin polo xefe da dita unidade, nin pola xefatura do Servizo de Xestión Académica para transmitir a súa desconformidade co procedemento.
4. No escrito que se nos traslada, transcríbese como queixa por parte do egresado que *“a UXA decidiu tramitar o proceso como se tratase dun “duplicado” de título cando en realidade se trata de emendar un xa existente”*. A interpretación non pode ser admitida como válida habida conta de que ningunha UXA decide unilateralmente que procedemento inicia, se non que o que se aplica é a legalidade vixente. No suposto que se nos presenta non se trata de *“emendar un erro da administración”* senón de constatar un acto voluntario da persoa que, amparado na Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil, decide modificar o seu nome e, consecuentemente procede a actualizar toda a documentación que se ve afectada por ese feito.

Os motivos polos que se pode solicitar un duplicado dun título están tasados e inclúen os seguintes conceptos: *extravío, deterioro, cambio de datos persoais, inclusión de nova mención ou especialidade, e rectificación de erro por parte da administración expedidora*. Á expedición do duplicado aplicóuselle a taxa administrativa que dispón o Decreto 98/2023, de 22 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/24 que o establece na Tarifa terceira. Títulos e secretaría, apartado e), en 28,09 €.

Non en tanto, ao estudante aplícaselle unha bonificación do 50% por ser membro de Familia Numerosa de categoría Xeral, eximíndoo do pago das taxas por expedición do duplicado do seu SET, en aplicación do disposto na Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección ás Familias Numerosas.

5. En canto ao que define como *“secuestro”* do seu título, temos que sinalar que agás no suposto de extravío, todos os demais requiren, obrigatoriamente, a entrega do título que posúe o interesado e sobre o que se debe realizar a modificación/inclusión que corresponda.
O presente suposto, ao tratarse dun cambio no nome do graduado que, polo tanto, afecta á identificación da persoa física, esta non podería facelo valer en ningún ámbito, dado que non ten concordancia nominal co reflexado no seu DNI. A maiores, dende o momento en que se comunica ao Ministerio de Educación o novo asento, ese título xunto coas súas claves alfanuméricas, queda invalidado e, consecuentemente, non pode ser utilizado baixo ningún pretexto. Esta Universidade é responsable, a través das Unidades de Xestión do Servizo de Xestión Académica, da custodia de datos dos títulos expedidos aos nosos egresados, debendo ser estes destruídos no momento no que sobre eles se realiza algunha modificación, afecte esta tanto a datos de índole académico como a datos persoais do interesado ou interesada.
6. Tamén se nos traslada a indicación do estudante de que *“a Lei trans recoñece a gratuidade deste tipo de trámites e en ningún caso se consideraría ao seu abeiro como un “duplicado” de título, segundo me consta”*.

A ese respecto debemos aclarar que a referencia normativa non é correcta nin tampouco de aplicación a este caso. Así, a Lei 4/2023 de 28 de febreiro, para a igualdade real y efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, dispón no seu

artigo 49. Adecuación de documentos á mención rexistral relativa ao sexo, apartado 3.: “As taxas que graven os trámites para a adecuación á mención rexistral relativa ao sexo dos documentos previstos neste artigo adecuarase ao principio de capacidade económica previsto no artigo 8 da Lei 8/1989, do 13 de abril de taxas e prezos públicos”, non establecendo exención algunha de pagamento para o dito trámite, como nos indica.

7. Por último, no tocante á emisión dun documento que o acredite como titulado, debemos indicar que non é posible a expedición dunha nova certificación provisoria, dado que a entrega dese documento só está prevista para amparar ao estudante antes de posuír o título fisicamente, isto é, antes de ser titulado; de aí que a dita certificación teña os mesmos efectos ca o propio título e unha validez legal dun ano, ou ata a posesión do título físico.

Unha vez que o egresado ten a condición de titulado, dispón doutros documentos universitarios, como a “Certificación académica persoal” (que certifica o remate de estudos), o resgardo do pago da “taxa de expedición do duplicado do título”, unha “Certificación de remate de estudos”, etc. que poderían ser admitidos discrecionalmente para acreditar a finalización de estudos onde lle puideran ser requiridos. A maiores, a través do certificado dixital ou do DNI electrónico podería acceder á Carpeta Ciudadán do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e descargar, de xeito gratuíto un documento de constancia da súa/s titulacións oficiais obtidas en distintas Universidades.

Ao respecto do anterior, deixamos constancia de que, en ningún momento transmitiu que precisara con urxencia dispor do duplicado do seu título xustificadamente, xa que, de facelo, podería terse iniciado un procedemento de urxencia ben para axilizar o trámite en sí mesmo ou para emitirlle calquera outro documento xustificativo.

Por todo o exposto anteriormente, non corresponde devolverlle nin o título de Grao nin o importe correspondente as taxas por expedición dun duplicado do dito título.

En canto a expedición dun documento acreditativo de ser titulado, o propio resgardo de ter aboado as taxas de expedición xustifica o proceso de emisión dun duplicado de grao, constatándose, polo tanto que xa é graduado. Non obstante, como xa se indicou, todos os titulados poden acceder á Carpeta Ciudadán do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, e obter gratuitamente un asento da titulación que posúen:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/consulta_titulos.

Este enlace é utilizado ordinariamente por todos os titulados dado que a través desta ferramenta poder autorizar a terceiros o acceso á comprobación dos seus datos, o que lles resulta moi útil para a activación de contratos tanto para a empresa privada como para calquera organismo e/ou Institución pública de ámbito nacional ou internacional. “

Q 2403/07

Escrito presentado por un estudante e referido ao proceso de matrícula, no que se lle reclama o pagamento da mesma, que non fóra anulada polo estudante a pesares de que marchara da Universidade e non cursara ningunha materia nin asistira ás clases.

Comunícolle que o mesmo non pode ser admitido a trámite ao non apreciar que se poida estar a conculcar algún dos seus dereitos.

No entanto, informóuselle que se está desconforme coa resolución desestimatoria o trámite que debe seguir é a interposición do recurso potestativo de reposición nos termos que se establece no último parágrafo de dita resolución.

Q 2403/08

Foi presentado un escrito por unha estudante motivado pola difusión a través da listaxe de correo-e da USC da organización dunha xornada e un concurso organizado polo Centro de Estudos de Seguridade (CESEG) ao entender que o mesmo viola os Estatutos da USC nos artigos:

Artigo 4.1: Son funcións da Universidade de Santiago de Compostela: a) A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos. E no

Artigo 4.9: A Universidade de Santiago de Compostela non colaborará no desenvolvemento de proxectos con fins armamentísticos ou bélicos

Recibiuse o informe solicitado, no que o Sr. director do Gabinete do Reitor expón o seguinte:

“Sendo coñecedor dos Estatutos da USC, e consciente da existencia dos citados artigos 4.1 e 4.9 de maneira particular, entendo que a calquera membro da comunidade universitaria poida xurdirlle a necesidade de cuestionar a difusión que se realizou da mensaxe enviada ao sistema polo Centro de Estudos de Seguridade e á que, de xeito errado, se lle deu difusión. Por normal xeral, e como evidencia a ausencia de queixas previas neste sentido, este tipo de contido é moderado de xeito centralizado polo persoal do Gabinete de Comunicación. Neste caso, como é evidente, o filtro non se aplicou no sentido correcto. Por este motivo, como responsable da comunicación a institución, prego traslade as miñas desculpas á membro da comunidade que presentou a queixa agardando que non se repita en tal sentido.”

Q 2403/09

Foi presentado un escrito pola alumna dun Grao referido a uns feitos acontecidos nunhas sesións dunha materia, nas que a alumna ante a imposibilidade de instalar un programa informático requirido para o desenvolvemento da docencia solicita a asistencia do profesor recibindo unha resposta negativa do mesmo, e informa da interposición dunha denuncia ante a Policía Nacional polos feitos acontecidos.

En relación co escrito de queixa presentado nesta institución, a Sra. secretaria xeral da Universidade de Santiago de Compostela informou que a USC, acordou a apertura dun expediente, o que lle foi comunicado á alumna.

Por iso, comunícolle que ao terse iniciado a apertura dun expediente procédese ao remate da tramitación da queixa e ao seu arquivo, seguindo o establecido no art. 10.4 do Estatuto do Valedor.

Q 2404/01

Foi presentado un escrito por un grupo de 16 estudantes dun *Grao* indicando que por mor da dilación dun proceso de selección de profesor substituto a día 4 de abril non se lles está impartindo docencia en tres materias nas que debería ter comezado con data 31 de xaneiro.

O Sr. vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo xustifica o seguinte:

“Debido a renuncia do profesor asociado (de fecha 30 de novembro de 2023) que produciu a vacante, faise pública a Convocatoria do concurso, mediante resolución do 28/12/2023 pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesorado asociado.

Con data do 1 de marzo de 2024 o órgano de selección procede a facer pública a acta final e proposta de provisión do concurso, no que se propón para contratación

Con data do 11 de marzo de 2024 presentase unha reclamación contra a proposta de provisión do concurso.

Con data do 18 de marzo de 2024 resólvese a admisión a trámite da reclamación presentada e a suspensión do nomeamento derivado da proposta de provisión do concurso ata a resolución definitiva da reclamación presentada.

A Comisión de Revisión, na súa sesión do 5 de abril de 2024, estudia a reclamación, as alegacións presentadas e o informe emitido pola comisión de selección, insta a Comisión de Selección para que proceda a emitir unha nova acta de valoración no que se inclúa o seu ditame.

Con data do 9 de abril de 2024, a Comisión de Selección emite novas actas do concurso nas que se da resposta as indicacións da Comisión de Revisión, onde se propón para contratación.

Con data do 15 de abril de 2024, publícase a autorización de contratación como consecuencia da resolución definitiva do concurso.

Derivado de todas estas actuacións, e unha vez incorporado o profesor, actualmente xa se está a impartir a docencia, co compromiso de recuperar as clases perdidas durante o período de resolución da praza. “

Q 2404/02

Foi presentado un escrito relativo á non aplicación do incremento salarial do 0.5% como investigador en formación.

Solicitouse un informe a través das Valedoras Universitarias da UDC e UVigo resultando que na primeira estaba en fase de negociación co representación sindical e na segunda non se lle aplicaba.

Na USC non se aplicou o citado incremento salarial.

Q 2404/03 – Recomendación

Foi presentado un escrito por un estudante en relación coa aparición dun erro no programa dunha materia, no que aparece recollida a prohibición do uso de dispositivos electrónicos baseada no artigo 9.2.a) do Estatuto do Estudantado e no artigo 36 da LOSU, cando ningunha das normativas fai referencia a dito aspecto.

A análise da normativa á que se alude no programa pon de manifesto que non recolle a limitación de uso de dispositivos electrónicos con carácter xeral, senón que fai referencia ao deber de participación activa do estudantado. A mala utilización dun dispositivo electrónico pode incidir no incumprimento dese deber, pero non necesariamente.

Por iso, recomendo á dirección do Departamento que se fagan as xestións oportunas para:

- que se eliminen ditas referencias normativas da guía docente da materia por non constituír a base normativa para a pretensión de prohibición expresada na guía.
- que se modifique o citado programa recollendo, de considerarse necesario, a posibilidade de prohibición de dispositivos electrónicos en situacións puntuais de mala praxe, mais non con carácter xeral para todo o estudantado.

Con posterioridade, en relación coa anterior recomendación informan:

- 1- “Retíranse do programa da materia concernida as referencias ao artigo 9.2.a) do Estatuto do Estudantado da USC e ao Artigo 36 da LOSU, por entender que, efectivamente no caso do primeiro, o contido non ten nada que ver coa limitación de uso de dispositivos electrónicos. No caso do segundo, entendemos que a prohibición entraría dentro do apartado c) do mencionado artigo: "Observar las directrices del profesorado y de las autoridades universitarias", xa que a dita limitación supón unha 'directriz' establecida polo profesorado que, segundo este artigo, que recolle os deberes do estudantado, este debe observar. De todos os xeitos, e para evitar ambigüidades, retírase igualmente a referencia a este artigo 36 da LOSU.

- 2- Non se retirará a prohibición de utilizar dispositivos electrónicos que quedará como sigue: "Nas clases tanto expositivas como interactivas non está autorizado o uso de dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tablets, ordenadores, etc.) salvo cando o autorice expresamente a profesora". Polo tanto, limitarase o uso de dispositivos electrónicos con carácter xeral para todo o estudantado, coa excepción de aqueles/as estudantes con necesidades especiais. O profesorado non pode fiscalizar as situacións individuais de mala praxe polo que a prohibición debe ser de carácter xeral. Considérase que o uso indiscriminado de dispositivos electrónicos resulta unha molestia máis que manifesta tanto para docentes como para estudantes e interrompe o normal desenvolvemento das clases. Dita prohibición, como explicamos antes, ten carácter de directriz, polo que estaría amparada polo apartado c) do Artigo 36 da LOSU."

Q 2404/04

Foi presentado un escrito por un interesado, quen desempeñou distintas actividades profesionais na USC no período de 1986 a 1997. Para poder acreditar esa experiencia profesional ante a Xunta de Galicia ao efecto de solicitar o grao de carreira profesional, precisa que a Universidade lle expida unha certificación cunhas características determinadas esixidas pola Xunta, e dende os servizos administrativos da USC indícanlle que non é posible.

O Sr. xefe de Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos no informe que lle foi solicitado expón o seguinte:

"ANTECEDENTES

Con data 24/03/2022 enviounos un correo electrónico solicitando certificacións de varios ítems vinculados á súa actividade docente e investigadora na Universidade de Santiago de Compostela.

Unha vez revisados os datos que constan nas nosas bases e tras comunicarnos co interesado con diferentes correos electrónicos, expídese con data 19/04/2022 certificación con código que recolle a participación como membro do equipo investigación en diferentes actividades de investigación.

Esta certificación complementouse coa expedida con data do 19/04/2022 así como con outra expedida con código de 26/01/2023

O solicitante indícanos que precisa unha certificación que recolla a súa experiencia profesional tal é como se indica no apartado c) da Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública pola que se ditan instrucións para regular o contido, uso e acceso ao expediente persoal electrónico do persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais.

Tendo en conta o indicado,

INFORMASE

1. Que os rexistros que constan na Área de Investigación non se corresponden con experiencia profesional vinculada á USC senón coa participación do interesado en proxectos de investigación.
2. Que a experiencia dispoñible nas bases de datos desta Subárea refírese ao apartado g) da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública referenciada:
 - *“g) Actividade investigadora: Información relativa á participación da persoa interesada en proxectos de investigación, publicacións, premios”*
3. Que esta experiencia investigadora xa foi certificada e non pode reconverterse a “experiencia profesional” xa que, tal e como se recolle no apartado c) da Resolución da Dirección Xeral da Función Pública xa que esta debe ser acreditada polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas as funcións de xestión de persoal no órgano correspondente aos servizos prestados.

En resumo, as certificacións vinculadas ás actividades de investigación nas que participou o interesado xa foron emitidas por esta Subárea e foron as axeitadas en tempo e forma tendo en conta que as referidas ao apartado de experiencia profesional deben ser expedidas polo Servicio de Persoal da Universidade de Santiago de Compostela.”

Q 2404/05

Recibiuse nesta Institución un escrito relacionado co proceso de adxudicación preferente de prácticas extracurriculares no Consello Social.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está conculcando ningún dereito. Neste sentido hai que indicar que o Estatuto do Estudiantado indica ao respecto:

Artigo 5. Dereitos específicos do estudiantado de grao da Universidade de Santiago de Compostela

Son dereitos específicos do estudiantado de grao da USC:

- a) Dispor da posibilidade de realizar prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da USC.

Dereito que non se ten vulnerado ao ter existido a posibilidade de realizar as prácticas extracurriculares, se ben na actualidade non pode por ter transcorrido os prazos para a solicitude das mesmas establecidos na convocatoria.

No entanto, comunícolle que se dá traslado do seu escrito ao Consello Social para que teña constancia das súas consideracións.

Foi presentado un escrito por un aspirante a obter a praza convocada no concurso público para a provisión de prazas de profesorado axudante doutor manifestando a súa discrepancia co sistema de baremación da convocatoria que ao seu entender non cumpre coa normativa.

No informe solicitado o Sr. vicerreitor de Profesorado xustifica o seguinte:

“PRIMEIRO.- De acordo co artigo 34.1 do Regulamento de selección de profesorado, aprobado por Resolución do 23 de outubro de 2023, *“contra as propostas de contratación as persoas interesadas poderán interpoñer reclamación perante a Reitoría nun prazo de dez días contados desde o seguinte ao de publicación da devandita proposta. A admisión a trámite da reclamación non suspenderá a contratación da persoa candidata proposta, salvo resolución motivada en contrario”*. A acta final e proposta de contratación do concurso foi publicada no taboleiro electrónico da USC o día 29 de abril de 2024, polo que o prazo para a interposición dunha posible reclamación en vía administrativa por parte dos candidatos contra a proposta de provisión do referenciado concurso remataría o día 15 de maio de 2024, estando polo tanto neste momento aberto. En consecuencia, carece de sentido que, coa presentación da queixa que nos ocupa, se abra un proceso de reclamación paralelo ao procedemento de revisión establecido pola normativa aplicable, que ampara ao interesado para que alegue todo o que considere oportuno en relación cos seus dereitos e a actuación da universidade en canto ao referido proceso selectivo.

SEGUNDO.- A convocatoria que rexe o concurso foi publicada no DOG con data do 13 de decembro de 2023, e de acordo coa súa norma final as persoas interesadas podían interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Non consta nesta Vicerreitoría que o interesado presentara recurso potestativo de reposición contra a convocatoria que rexe o concurso, que é a resolución que establece, no seu anexo II, o baremo que está a denunciar o interesado na súa queixa, polo que se entende que a resolución pola que se aprobou a convocatoria é un acto firme e consentido polo interesado. O interesado non pode pretender agora recorrer, mediante a presentación dunha queixa ante o Valedor da Comunidade Universitaria, un acto administrativo que non foi recorrido en vía administrativa no prazo establecido para iso.

TERCEIRO.- Con data do 19 de marzo de 2024, presentou solicitude de acceso ao trámite de vista de expediente do concurso. Ante esta solicitude, dende o Servizo de Planificación de PDI indícaselle, mediante correo electrónico remitido o mesmo día 19 de marzo de 2024, que debe esperar a que finalice o concurso para poder solicitar a mesma, e rógaselle que, unha vez publicada a acta final do concurso, e se segue interesado en acceder ao expediente do concurso indicado, realice unha nova solicitude de vista de expediente empregando o formulario web establecido para o efecto. Este é o procedemento establecido para o acceso ao trámite de vista de expediente para os candidatos aos concursos de acceso de prazas de profesorado na USC, no que se espera sempre á finalización do respectivo concurso para poder dar acceso aos diferentes candidatos ao expediente do mesmo, co obxecto de que poidan acceder ao mesmo unha vez aberto o prazo de reclamación que establece o artigo 34 do Regulamento de Selección de Profesorado antes citado.

Cómpre indicar a este respecto que, unha vez publicada a acta final e proposta de contratación do concurso, o candidato realizou dúas solicitudes de acceso á vista de expediente, unha con data do 30 de abril de 2024 e outra con data do 3 de maio de 2024, que

foron consecuentemente atendidas e respondidas os mesmos días 30 de abril e 3 de maio, adiándose e realizándose nas dependencias do Servizo de Planificación de PDI as correspondentes vistas de expediente os días 3 e 8 de maio de 2024. Ademais, facilitáronselle á persoa interesada as copias electrónicas da documentación obrante no expediente previamente solicitadas o día 6 de maio de 2024, o día 8 de maio de 2024 (previo cribado dos datos de carácter persoal de terceiros que figuraban na documentación solicitada), polo que non se entende a petición de amparo ao Valedor da Comunidade Universitaria realizada polo reclamante para que se lle recoñeza o seu dereito a acceder ao expediente administrativo e á obtención de copias do mesmo, cando son dereitos xa exercidos polo reclamante.

Por último, procede indicar que o prazo de reclamación contra as propostas de contratación, no que os diferentes candidatos poden alegar o que consideren oportuno en canto ás puntuacións obtidas por eles mesmos e os outros candidatos no desenvolvemento do concurso, vén establecido, ademais de no artigo antes citado do Regulamento de Selección de Profesorado, na base 8.2. da propia convocatoria que rexe o concurso. “

Q 2405/02

Foi presentado un escrito por un membro do PDI, motivado pola exclusión do seu fillo de 13 anos do Verán campus 2024, ao non estar comprendido ese rango de idade dentro das bases da Convocatoria.

No informe recibido o Sr. xerente da Fundación USC xustifica o seguinte:

“.../2. FINALIDADE E CARÁCTER.

Este informe emítese a petición dunha queixa achegada polo Valedor da Comunidade Universitaria e presentada por un membro PDI usuario en edicións anteriores do programa Verán CampUSC. A Fundación USC organiza anualmente no período estival unha actividade de conciliación laboral e familiar dirixida a nenos e nenas pertencentes á comunidade universitaria e tamén a público en xeral que non forma parte desta.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA E CONDICIÓNS DE ACCESO

O programa Verán CampUSC cumpre no verán 2024 a súa edición número 16 e a estrutura sempre foi moi similar, contando cun total de 5 quendas durante o verán e deixando o mes de agosto libre, posto que é o mes no que menos demanda existe por parte da comunidade universitaria. O programa foise abrindo co paso das edicións ao público en xeral que non pertencía á comunidade universitaria.

Este programa é unha actividade propia e organizada integramente pola Fundación USC na que colaboran outras entidades, tanto de carácter público (Universidade de Santiago de Compostela, Deputación da Coruña e Concello de Santiago de Compostela) coma outras de carácter privado.

Con carácter xeral, desde o ano 2009 ata o ano 2019, as idades de participación foron de 3 a 13 anos. Aqueles/as rapaces/zas que tiñan cumpridos os 14 anos non podían participar no programa, polo tanto, nun total de 11 edicións os rapaces e rapazas que cumprían os 14

anos antes do inicio do programa (segunda quincena de xuño) non tiñan a opción de participar.

No ano 2020 a dirección da Fundación USC decide abrir un grupo para nenos e nenas de 14 a 17 anos de idade que funcione de forma paralela ao de 3 a 13 anos, motivado pola particularidade do ano 2020 (ano de pandemia) e tamén para valorarse había demanda suficiente por parte das familias para consolidar este grupo de idade. O número de prazas mantívose de forma independente, é dicir, continuaron ofrecéndose 100 prazas para os rapaces e rapazas de 3 a 13 anos e ofertáronse 20 prazas para os de 14 a 17. Tanto en 2020 coma nos anos sucesivos nos que se mantivo este grupo de idade non se chegou a uns mínimos de persoas inscritas suficientes para que ese grupo tivese unha dinámica propia, é dicir, o número de rapaces/zas inscritos/as non era suficiente para poder realizar actividades dun xeito adecuado. A escaseza no número de inscricións neste grupo afectaba á distribución do resto de grupos do programa porque levaba consigo que nenos e nenas de 11 e 12 anos tiveran que convivir con nenos e nenas de 14 a 17 anos de idade e as actividades tiñanse que adaptar. Así mesmo, é importante destacar a dificultade á hora de programar actividades para un grupo de nenos e nenas que en moitas ocasións era só de 3 ou 4 participantes con idades diferentes, xa que podían ter 14 anos ou 17.

Despois da análise dos datos de inscricións das catro edicións nas que se mantivo este grupo e, repetimos, a demanda non superou de media os 5 nenos e nenas inscritos por quenda, a Fundación optou por non programar de xeito paralelo este grupo e volver ás idades iniciais previas á pandemia.

4. CONCLUSIÓNS

PRIMEIRA. O programa Verán CampUSC publicouse o día 12 de abril na páxina web da Fundación USC e remitiuse información coas bases de participación ás familias participantes en anos anteriores (excepto a aquelas que non admiten o envío de publicidade). As bases de participación identificaban claramente as idades de participación para a edición do ano 2024.

SEGUNDA. A publicación no mes de abril das bases de participación ten un obxectivo claro que é darlle tempo ás familias para que poidan decidir coa suficiente antelación se queren ou poden facer uso do programa tal e como está planificado.

TERCEIRA. Despois de catro edicións, cunha media de 5 persoas inscritas por quenda, a dirección da Fundación USC decide cos datos das edicións comprendidas entre o ano 2020 e o 2023 non programar o grupo de idades de maiores.

CUARTA. Os criterios para non publicar o grupo de idade de maiores son relativos as cuestións pedagóxicas, de dinámica de grupo e de planificación de actividades para un grupo tan reducido dentro do que son actividades de ocio, lúdicas, tempo libre e deportivas. O persoal técnico especialista tamén informou da dificultade de programar tarefas para un grupo moi reducido de persoas inscritos.

QUINTA. Achégase como anexo a resposta enviada á persoa que realizou a queixa.

Q 2405/03

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Máster Universitario en, motivado porque non se lle permite ampliar a matrícula nunha materia logo dun recoñecemento de estudos académicos nos estudos de Máster.

A Sra. xefa do Servizo de Xestión Académica xustifica o seguinte:

1. “O 18 de agosto de 2023, a alumna matricúlase nos 60 créditos do Máster Universitario. Entre as materias das que se matricula figuran todas as optativas necesarias para titularse coa Especialidade. Dentro desta especialidade, a alumna elixiu cursar dous módulos.
2. Con data 13 de febreiro de 2024, dentro do prazo establecido para a solicitude de recoñecementos do segundo cuadrimestre, a alumna solicita o recoñecemento de varias materias optativas que como ela mesma indica na súa solicitude serían “a maiores do mestrado” xa que non as precisa para titularse.
3. O día 10 de abril de 2024 emítese resolución reitoral pola que se lle recoñece a materia optativa, materia da que non está matriculada.
4. Con data 06/05/2024 envía por correo electrónico dúas solicitudes: Unha na que solicita incluír a materia recoñecida no seu expediente académico con pagamento en efectivo e outra solicitude de ampliación da matrícula noutra materia
5. Ordinariamente aos alumnos de inicio non se lles autoriza a ampliación das súas matrículas (grao ou máster) e, só nos casos de continuación de estudos (alumnos de 2º curso e seguintes) se pode autorizar ampliación de créditos ECTS ata un máximo de 75 créditos.
6. O Máster Universitario está definido como unha titulación a desenvolver nun único curso académico, de 60 créditos. Así o dispón a súa Memoria verificada sinalando como matrícula mínima e máxima 60 créditos ECTS. En base a esta limitación, autorízase unha modificación da súa matrícula (isto é substitucións dunhas materias por outras, ou no seu caso recoñecemento da materia), pero non é posible atender a solicitudes de ampliación de matrícula dado que suporía admitir un exceso no número de créditos permitidos para esa titulación.”

Q 2405/04

Foi presentado un escrito por un estudante do Máster Interuniversitario motivado porque a docencia dunha materia desenvólvese no Courel e ao alumnado da Universidade de Santiago non se lle costean os gastos de aloxamento, como si fan as Universidades da Coruña e Vigo co seu alumnado.

Solicitouse un informe á Vicerreitoría de Organización Académica e Campus de Lugo no que resposta que os coordinadores dos Másteres poden solicitar axudas. Á vista deste

informe pedimos ao coordinador información de porque non se pediron e contesta que no centro esgotaron a posibilidade de petición por existir outras prioridades.

Suxeríuselle ao Sr. vicerreitor que fixera as xestións oportunas para unificar criterios coas outras universidades e dentro da Rede Universitaria de Defensorías de Galicia (REDUGA) estase traballando para acadar unha coordinación entre as universidades do Sistema Universitario Galego no caso dos títulos interuniversitarios.

Q 2405/05

Presentado un escrito por unha PDI expoñendo un problema co recoñecemento do seu nome en publicacións científicas.

En relación coa queixa feitas as xestións oportunas, infórmolle que dende o Servizo de Asesoría Xurídica da USC nos comunican que lle teñen respostado:

“.../que este servizo ten encomendado, segundo o seu regulamento, a defensa da Universidade e o asesoramento aos órganos de goberno da USC, non podendo en consecuencia atender consultas dos membros da comunidade universitaria, como é a que vostede dirixe.”

Así pois, consideramos que a opción máis acaída é a interposición dos recursos pertinentes ou o cambio do seu nome no rexistro, adecuándoo ao seu interese.

Q 2406/01

Foi presentado un escrito por un estudante do Grao en relación con distintos aspectos do proceso de avaliación dunha materia.

No informe solicitado, o Sr. profesor da materia xustifica o seguinte:

“En relación con la queja de referencia Q2406/01, de la que se me solicita informe, me gustaría comenzar contextualizando esta respuesta en base a la argumentación realizada por el alumno en su escrito. Para ello, me apoyaré en lo indicado en la guía docente del año en curso, accesible a través de la siguiente dirección web:

En la materia nos ocupamos de modelizar una estructura representativa de una realidad física, generando modelos matemáticos que describen su comportamiento para resolverlos de forma operativa mediante aplicaciones informáticas.

Se trata de una materia obligatoria de segundo curso que forma parte del módulo común a la rama agrícola de la titulación. Esta disciplina se apoya en los contenidos de materias de formación básica impartidas en primer curso.

Si se comparan las guías docentes de la materia disponibles en la Web de la USC, actualmente desde el curso académico 21/22 en adelante, no se observan cambios ni en los contenidos, ni en la metodología docente, ni en las competencias que ha de alcanzar el alumnado, pues vienen definidas en el plan de estudios y no pueden ser modificadas de forma unilateral por el profesor. Respecto de estas últimas, es de destacar que recoge, entre otras, la siguiente competencia general:

CG1 - Conocimiento en materias básicas, científicas y tecnológicas que permitan un aprendizaje continuo, así como una capacidad de adaptación a nuevas situaciones o entornos cambiantes.

Se trata de una competencia que el alumno puede alcanzar al superar diversas materias del Grado, entre ellas la materia de Informática. Esto es indicativo de que el alumnado puede ser capaz de adaptarse a diferentes metodologías de trabajo a lo largo de su etapa formativa. Concretamente, esta competencia se puede aplicar a la adquisición de conocimientos sobre el lenguaje de programación Python, que ha sido seleccionado en coordinación con los profesores de Informática como herramienta de trabajo en las sesiones interactivas, subrayando el carácter transversal de las enseñanzas.

Además de los contenidos que se abordan en la materia sobre este particular, las opciones para que los alumnos se formen en el manejo de dicha herramienta son variadas. En primer lugar, el que suscribe, ha impartido distintos seminarios durante los pasados cursos 21-22 y 22-23 con carácter voluntario y abiertos a todo el alumnado. Otra posibilidad la constituye la oferta formativa anual del Campus Terra; por ejemplo, el curso específico sobre Python celebrado el pasado mes de octubre acerca del cual he avisado a los alumnos a través del campus virtual, y cuya siguiente edición ya está programada para los próximos meses de septiembre y octubre.

En este contexto, procedo a informar sobre los aspectos concretos solicitados:

- “se muestran más de 60 alumnos presentados a examen y el número de aprobados es de 16”

Como complemento a la comunicación de calificaciones provisionales correspondientes a la primera oportunidad a través de la secretaría virtual, he publicado en el campus virtual la tabla de notas que incluyo como anexo a este documento. En ella se desglosan los componentes de la calificación final de acuerdo con los criterios establecidos en la guía docente de la asignatura.

Dicha tabla recoge las calificaciones de los 66 alumnos matriculados en el presente curso 23-24. Como se indica, la calificación final se obtiene sumando la obtenida en la evaluación continua con la correspondiente a la prueba final obligatoria.

Me gustaría señalar que, del total de alumnos matriculados, los que realizan dicha prueba son 52. Como resultado final, 16 alumnos superan la materia, lo que supone un 30,77% con respecto a los presentados a examen.

Por todo lo dicho, no comparto la opinión del alumno a este respecto.

“el profesor realizo tres exámenes distintos, quiero entender que intentando evitar posibles fraudes, pero la dificultad de los ejercicios no es similar entre los distintos modelos”

Atendiendo al número de alumnos matriculados y a la capacidad de las aulas en las que ha tenido lugar la prueba he confeccionado tres modelos de examen, cada uno compuesto por dos ejercicios que presentan idénticas características en los tres. La asignación de modelo se ha realizado al azar en función del puesto ocupado por el alumno en el aula. Estos modelos se adjuntan como anexo a este documento, donde se puede ver que se diferencian únicamente en el primer ejercicio. El segundo es el mismo en todos ellos y se dirige exclusivamente a los alumnos que tienen reconocida la dispensa de asistencia a clase ya que, según se recoge en la guía docente de la materia, les es de aplicación un sistema de evaluación específico.

Quiero expresar mi desacuerdo con la afirmación que hace el alumno sobre la diferencia observada en la dificultad de los ejercicios, ya que tanto el enunciado y las cuestiones que en él se plantean, como sus parámetros de diseño, son iguales en los tres casos.

Además, en la resolución de cada uno de los casos se aplica la misma metodología, por lo que tampoco existe diferencia por este concepto.

Me gustaría añadir en este punto que este ejercicio se ha preparado a partir de uno resuelto en clase el pasado curso 22-23 y que se adjunta como anexo a este documento. Este hecho contradice la afirmación del alumno cuando indica: *“Viendo exámenes de hace años se ve que antes eran una viga y hoy en día son estructuras completas”*, ya que el propio enunciado se refiere a la estructura objeto de estudio como viga continua.

“un error informático o de programación supone un suspenso independientemente de los conocimientos que tengas de la materia evaluada”

Ni los errores informáticos, entendidos como introducción errónea de datos, ni los de programación, entendidos como aquellos que interrumpen la ejecución del código sin permitir alcanzar resultados concretos, han impedido superar la materia a ningún alumno, ya que los ejercicios se han corregido hasta su término en todos los casos. Los alumnos que han acudido a la revisión del examen han podido comprobar esta circunstancia.

Lo anterior se demuestra por el hecho de que de los 16 alumnos que han superado la materia en esta primera oportunidad, 7 han cometido alguno de los errores mencionados durante la resolución de su ejercicio sin que ello les haya impedido aprobar la asignatura.

Por otra parte, durante las sesiones interactivas se han analizado numerosos casos prácticos en los que, en ocasiones, se han producido este tipo de errores; momentos que hemos aprovechado para estudiarlos y dar las soluciones pertinentes en cada caso. Así, considero que el alumnado está familiarizado con esta situación y capacitado para hacerle frente en un examen.

Con todo, me gustaría destacar que, con el objetivo de minimizar la influencia de los mencionados errores sobre el resultado de la prueba, los estudiantes disponen de libre acceso en el examen a toda la documentación generada durante el curso y que está contenida en la plataforma Moodle. Concretamente, las presentaciones utilizadas en las sesiones expositivas, así como los 23 casos prácticos resueltos este año en las sesiones interactivas y cuyo contenido se puede emplear para resolver los ejercicios propuestos en el examen.

Como es de suponer, los errores conceptuales son los que penalizan en mayor medida la calificación obtenida por el alumnado, por cuanto inciden directamente en el análisis de la realidad física que describe el enunciado propuesto. Los conocimientos sobre la materia se demuestran planteando correctamente los modelos matemáticos apropiados y realizando las operaciones oportunas para resolverlos. Recae pues en el alumno la responsabilidad sobre estos errores, no siendo imputables al lenguaje de programación ni al entorno de trabajo utilizados.

En este punto es donde se incorpora la informática a la metodología de trabajo como herramienta complementaria a la realización de cálculos manuales que, como se indica en los enunciados, también tienen cabida en el examen. Dicho sea de paso, esta herramienta proporciona además un valor añadido al alumno de cara a su incorporación al mercado laboral, dada su difusión en el ámbito científico, técnico e ingenieril.”

Q 2406/02

En relación coa queixa que tiña presentada referida ao procedemento de defensa dunha tese de doutoramento infórmolle que se procedeu por parte do Valedor a facer as xestións oportunas para analizar a problemática e tentar de atopar unha solución á situación.

Para iso, celebrouse unha xuntanza na que xunto co Valedor participaron o Director da Tese, a Directora do Programa de doutoramento e máis o Secretario de dito programa.

Con posterioridade o Valedor reuniuse co Director da Escola de Doutoramento Internacional na que se analizou a situación e se falou de posibles solucións.

Este valedor tamén é coñecedor de que tanto o Secretario do programa de doutoramento como o Director da tese tiveron reunións con membros da Comisión Executiva da escola de doutoramento.

O estudante inicia un procedemento xudicial polo que se lle comunica que o art. 10 do *Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria* establece o seguinte:

Artigo 10.- Procedemento

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

En consecuencia, informámoslle que en cumprimento da citada normativa, procedemos á inhibición suspendendo as actuacións que se tiñan iniciado, dando lugar ao remate e arquivo da presente queixa.

Q 2406/03

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador motivado polo procedemento de configuración das comisións de selección de profesorado establecido pola Vicerreitoría de Profesorado para garantir o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes.

No informe solicitado, o Sr. vicerreitor da Vicerreitoría de Profesorado xustifica o seguinte:

1. “O artigo 32.3 do Real Decreto 678/2203 do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos, establece que “a composición das comisións de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas”.

A transposición do dito mandato ao Regulamento de selección de profesorado da Universidade de Santiago de Compostela recóllese no seu artigo 5.5, que establece: “Na conformación das comisións, tanto titulares como suplentes, garantirase a súa

composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas”.

2. Por outra banda, o artigo 71.b da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, establece, con respecto aos concursos de acceso a prazas de corpos docentes universitarios, que "as comisións de selección estarán integradas por unha maioría de membros externos á universidade convocante elixidos por sorteo público entre o conxunto do profesorado e persoal investigador de igual ou superior categoría á praza convocada. Este sorteo realizarase a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada pola universidade, nos termos nos se desenvolva na normativa interna". O artigo 86 da dita lei determina que a composición das comisións de selección de prazas de profesorado laboral, coa excepción das de profesorado asociado, deberá axustarse ao previsto para os concursos de corpos docentes.

Co fin de dar cumprimento ao establecido na lei orgánica citada, o Regulamento de selección de profesorado da USC indica no seu artigo 6.2 que "nos concursos correspondentes a prazas de corpos docentes, de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor cando menos tres dos membros das comisións non poderán pertencer á Universidade de Santiago de Compostela, e serán elixidos por sorteo. Correspóndelle ao Consello de Departamento propor o/a presidente/a e o/a secretario/ da comisión, cos seus respectivos suplentes, e, ademais, unha relación de nove profesoras e nove profesores alleos á Universidade de Santiago de Compostela, entre os que se sortearán os tres vogais titulares e os suplentes. O sorteo realizarase de xeito que as comisións de selección cumpran o principio de composición equilibrada entre mulleres e homes".

3. En consecuencia, do contido dos textos legais e regulamentarios citados dedúcese que á hora de compoñer as comisións de selección debe garantirse, por unha banda, unha presenza equilibrada dos dous xéneros e, por outra, a existencia dunha maioría de membros alleos á universidade convocante que, ademais, deben ser elixidos mediante sorteo público.
4. Se ben o Regulamento de selección de profesorado non indica expresamente que a proposta de persoas para ocupar a presidencia e a secretaría das comisións de selección deba ser paritaria, o certo é que permitir que eses dous postos sexan ocupados por persoas dun mesmo xénero condicionaría de xeito significativo o sorteo dos demais compoñentes da comisión e, en consecuencia, debilitaría notablemente o principio de aleatoriedade que debe preservarse á hora de sortear os vogais.

Este criterio aplicábase xa nos concursos de corpos docentes que se celebraban antes da aprobación da Lei Orgánica do Sistema Universitario e do Regulamento actualmente vixente, cando os departamentos propoñían presidente/a, secretario/a e primeiro/a vogal, mentres que os dous vogais restantes eran elixidos por sorteo. Nestes casos, o criterio da Vicerreitoría foi, coma agora, o de que os membros propostos directamente polo Departamento non podían corresponder a un único xénero, pois, de ser así, isto suporía na práctica que a metade das persoas propostas para o sorteo non terían de facto ningunha posibilidade de saír elixidas.

5. É deber desta Vicerreitoría garantir a aplicación correcta das normas, e por iso as consultas, tanto verbais coma escritas, dirixidas directamente á Vicerreitoría ou ben ao Servizo de Planificación de PDI foron contestadas no sentido indicado, e sempre co fin de conciliar o principio de representación equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións, co obxectivo non menos importante de garantir a aleatoriedade e a máxima limpeza no sorteo dos vogais.

En consecuencia, esta Vicerreitoría reitera o seu criterio de que, para asegurar que as comisións de selección teñan unha composición equilibrada en canto ao xénero e, ao tempo, para garantir que as persoas incluídas na relación de sorteables teñan as mesmas

posibilidades de ser elixidas, as persoas propostas polos departamentos para ocupar a presidencia e a secretaría da comisión non poden pertencer ao mesmo xénero.

Para evitar no futuro malentendidos como os referidos na queixa, adiántolle que a Vicerreitoría de Profesorado ditará nos próximos días unha instrución xeral dando indicacións precisas neste sentido aos Departamentos.”

Q 2406/04

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Investigador, motivado pola falla de resposta a unha consulta que ten formulada sobre a afectación que pode ter o tempo de baixa por paternidade á data de finalización do seu contrato.

Finalmente estenden a data de finalización do seu contrato polo tempo da baixa de paternidade.

Q 2407/01

Foi presentado un escrito por unha estudante motivado polo proceso de adxudicación das bolsas de verán para a iniciación á investigación nun Instituto de investigación, por figurar na lista de agarda cando a súa puntuación total é maior que a das dúas últimas posicións da lista de concesión.

O Sr. xefe de Subárea de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos, envía un informe no que indica o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data 05/06/2024, realizou unha solicitude para a convocatoria de bolsas de verán publicada polo Instituto desta Universidade.

Unha vez revisada a súa solicitude e tendo en conta que contaba cos requisitos axeitados, foi admitida de xeito provisorio para a súa selección como candidata con data 05/06/2024, realizándose a publicación das listas definitivas de admitidos con data 24/06/2024.

Unha vez realizada a selección pola Comisión indicada no artigo 10 da convocatoria, obtivo o posto nº 12 da lista de agarda na resolución provisional de concesión publicada o 25/06/2024 e finalmente o posto nº 11 na proposta definitiva de concesión.

Tendo en conta o indicado,

INFÓRMASE

1. Que a acta da Comisión de Selección que se acompaña celebrada o 24 de xuño de 2024 avaliou a documentación presentada polas persoas candidatas obtendo unha puntuación total de 8,13 puntos.

2. Que na puntuación asignada non só se ten en conta un total de puntuación acadada polos diferentes ítems senón tamén unha asignación vinculada a o proxecto asignado ás persoas candidatas.
3. Que no mesmo proxecto hai dúas persoas.
4. Que no proxecto indicado a persoa asignada ao mesmo foi outra candidata que obtivo unha puntuación de 8,59 puntos, superior á puntuación acadada pola presentadora da queixa.
5. Que a persoa asignada desenvolveu por completo a bolsa de verán dentro do proxecto indicado polo que non foi posible asignar a bolsa á presentadora da queixa tendo en conta que non existiu vacante no mesmo.”

Q 2407/02

Foron presentados cinco escritos por estudantes dun *Grao* motivados polo proceso de avaliación dunha materia.

Recibiuse o informe solicitado á Sra. decana da Facultade, no que se xustifica o seguinte:

“.../FEITOS:

Primeiro.- Con data 4 de xullo de 2024 realizouse o exame da materia do Grao, que constaba de dúas partes: 45 preguntas tipo test e 5 preguntas de resposta curta, iguais para todos os grupos,(A, B, C e D), pero con distinta orde. Transcorrido un tempo detectouse un fallo de impresión dos modelos dos exames tipo test dos grupos A e B, nos cales, as respostas correctas tiñan un cor gris máis claro co que eran perfectamente identificadas polos alumnos. Detectado o erro, os modelos afectados (A e B) foron substituídos por outros correctos.

<u>Modelo de exame</u>	<u>Participantes</u>	<u>Puntuación media</u>	<u>> 42Puntos</u>	<u>Rango</u>	<u>Test R45+</u>
Test-A	27	40	90%	19 - 44	1
Test-B	29	40	75%	15 - 44	3
Test-C	28	27	0%	13 - 39	8
Test-D	28	30	0%	11- 37	9

Segundo.- O día 5 de xullo de 2024, o profesor remitiu un correo a todo o estudantado pedindo desculpas polo ocorrido e indicándolles que durante a fin de semana ía facer unha sondaxe para coñecer a opinión dos estudantes.

Terceiro.-O luns día 8 de xullo o profesor comunicou ó equipo decanal da Facultade o incidente solicitando información sobre como actuar. Dende a Facultade convocouse unha reunión extraordinaria da Comisión do Título para o día 9 de xullo invitando ó profesor a expor a situación acaecida.

O profesor informou o seguinte:

“Como sabedes, durante a realización do exame na xornada do Xoves-4 ocorreu un fallo de impresión nos modelos A e B, os modelos C e D non se viron afectados. A solución plantexada proposta no momento foi a de solucionar o fallo e substituílos perturbando o menos posible a realización da proba dos que non tiñan o problema.

Feito o recuento de respostas correctas, da parte test, dos catro tipos de exames o resultado foi o seguinte:

Hai que dicir que as preguntas eran exactamente as mesmas nos catro modelos de exame coa diferenza de que se presentan en distinta orde. Á vista dos datos queda claro que o alumnado que realizou os modelos A e B alcanza masivamente a maior cunha porcentaxe de alumnos con máis de 42P das 45, inimaxinable en condición de igualdade cós modelos C e D. Ata 13 preguntas correctas de diferenza nas medias.

Hai outro dato que resulta igualmente chamativo, como é o feito da diferenza de respostas correctas para a última pregunta nos exames C e D, nestes dan 8 e 9 respostas correctas, respectivamente, fronte a 1 no modelo A e 3 no modelo B. Esta diferenza pode responder a que houbo un fallo (e, para a P45 a resposta (coa cor distinta) era equivocada e foi maioritariamente marcada polos que estiveron involuntariamente dirixidos nas súas respostas, a diferenza dos que responderon ós modelos C e D.

En conclusión. A proba do pasado xoves-4 de xullo de ABDB foi involuntariamente defectuosa e considerase nula para a avaliación da metade do alumnado. A solución adoptada durante a realización do exame non foi suficiente, e non alcanzou a mitigar o problema.

Polo tanto, e coas evidencias a vista, creo que o axeitado sería repetir o exame.

Comuniqueille ao estudantado que estivesen pendentes de calquera novidade, e entre elas a posibilidade de REPETICION do exame e que puidera ser convocado proximamente, pero o que finalmente se acorde saberase mañá martes”.

Rematada a exposición do profesor, este mostra ós presentes varios modelos de exames tanto dos grupos A e B como de C e D, onde se aprecia claramente que nos modelos A e B as respostas correctas teñen unha cor máis clara. Non obstante, á vista do exposto observase que a solución do día do exame de proceder a cambialos por outros sen o erro detectado, non resolveu o problema inicial, xa que da corrección feita con posterioridade, e a comparación cos grupos onde non houbo ningún problema, evidencia que os alumnos dos grupos A e B sabían as respostas correctas.

A Comisión, debate o tema e tendo en conta a opinión dos representantes do estudantado informa favorablemente sobre a solución do profesor de volver a repetir a parte test do exame (45 preguntas) para os grupos A e B, admitíndose as 5 preguntas de resposta curta, xa contestadas o día 4 de xullo, como parte da avaliación, e darlle a posibilidade ó estudantado dos grupos C e D de volver repetir, a parte test, sen coñecer previamente a cualificación, sendo cualificados coa nota máis alta das dúas.

A nova data ou posibles datas de repetición acordaraas o profesor co estudantado e comunicarallas a través do Campus Virtual.

A decana comunica ós representantes dos estudantes na Comisión que informen ó alumnado afectado que o exame se vai a repetir e que o profesor comunicarlle no Campus Virtual as datas da súa realización. Na decisión da data sempre se tivo en conta que permitira ó alumnado que superase a materia defender o TFG na oportunidade de xullo.

Cuarto.- O mércores día 10 de xullo o profesor informa ao alumnado do seguinte:

"Desculpade que non poida deixarvos a nota no Campus Virtual, pero o acceso a esa parte da Web da USC está bloqueado e non consigo entrar.

Mentres se arranza, e para non demorar mais a información comunicovos a través do correo electrónico institucional de cada un de vos a seguinte mensaxe, a cal atoparedes recollida no taboleiro de novas do Campus Virtual en canto se restableza o servizo.

"La Comisión del Título en la reunión de hoy (9/07/24) acordó informar favorablemente sobre la repetición del examen, en la parte afectada por el error (sólo el test), para los alumnos de los Modelos A y B. Para el resto de modelos de examen se le dará la posibilidad de repetir la mencionada parte (sin informar las notas obtenidas y a los cales se le calificará con la mejor calificación de las que dispongan.

Como fecha más adecuada se propone el próximo martes día 16 de julio a las 12h en las aulas 6 y 7 de la Facultad".

Arraxado o problema foi comunicada a nova data do exame a través do Campus Virtual.

Postos en contacto varios estudantes co profesor comunicáronlle que non podían, por causas xustificadas, asistir ese día á repetición do exame, polo que se propuxo como nova data o día 23 de xullo, data na que só un estudante acudiu a facer o exame.

Quinta.- Na Facultade recepciónáronse os días 10 e o 17 de xullo varias reclamacións sobre o sucedido no exame da materia, remitidas polo Valedor da Comunidade Universitaria.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- 1) Normativa: x Estatuto do estudantado da USC (Aprobado polo Claustro Universitario o día 28 de novembro de 2019).
 - x Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións. (Aprobado polo Consello de Goberno o día 16 de xullo de 2011)
 - x Programación docente da materia

Por todo o exposto anteriormente, a decana informa que:

A parte do exame tipo test dos grupos A e B é nula, xa que ao ter as respostas marcadas non permite facer unha avaliación obxectiva deses estudantes como sí se pode facer do estudantado dos grupos C e D, doutra forma estaríamos ante unha condición de desigualdade de avaliación.

A programación docente da materia establece como requisitos para a avaliación do exame teórico, que consiste na *"evaluación de conocimientos (ET): Examen sobre el contenido teóricopráctico de la asignatura. Consta de 45 preguntas tipo test y 5 preguntas de respuesta corta, a resolver en 100 minutos para alcanzar una puntuación máxima de 50 puntos. Ninguna de las preguntas tendrá valor negativo por fracaso o falta de respuesta, pero se requiere un mínimo de respuestas correctas por tema (25% por tema o grupo de temas según se indica en cada Oportunidad)."*

Non volver a repetir a parte afectada polo erro nos grupos A e B contradiría a mencionada programación, que é de obrigatorio cumprimento para o profesorado da materia, e que garante a igualdade entre todos os estudantes.

En relación as cuestións plantexadas:

1. ****Fallo del Profesorado y No de los Estudiantes:****

O profesor en todo momento asumiu o seu erro e tratou de solucionado en canto foi advertido; sen embargo a solución de volver a imprimir un novo exame non serviu para emendar o erro, os alumnos, ao ter a plantilla de respostas previas, xa sabían as solucións, como se evidencia no informe elaborado polo profesor.

2. ****Resultados de la Encuesta Realizada por el Profesor:****

Como aclarou o profesor a enquisa realizada foi unha sondaxe de opinión e, aínda que se considere que a súa realización non é unha decisión acertada, non era unha consulta vinculante.

3. ****Impacto en los Planes Personales de los Estudiantes:****, ****Impacto Emocional y Académico:****

Tanto o equipo decanal como o profesor, foron conscientes de que o feito de ter que volver a repetir o exame, afecta ou pode afectar, aos plans persoais do estudantado; por iso, na fixación das datas para volver a realizar o exame optouse pola maior flexibilidade posible para evitar trastocar moito os plans do estudantado.”

Q 2407/03 - Recomendación

Foi presentado un escrito por un membro da Comunidade Universitaria en relación cunha problemática acontecida co condutor dun coche dunha empresa colaboradora da USC no aparcamento situado entre o estadio de atletismo e a carballeira de San Lourenzo. No escrito expón o seguinte:

“Al entrar en el parking vi había un vehículo de la empresa estacionados de la forma que pueden observar en la fotografía que aquí les adjunto. Primero solo estaba una persona al volante, al instante se subió el otro. Puse el intermitente para aparcar, pero ellos no movieron el coche. Me baje y les pregunte si iban a salir, respondió solo el del volante diciendo que saldría cuando le daría la gana y que él no movía el coche de ahí (a pesar de, entre otras cosas, estar mal estacionado). Respondí que si continuaban molestando pondría una queja. El mismo individuo dijo que le daba igual las quejas y las protestas. Ante su negativa, di marcha atrás, e ir a aparcar al otro extremo del parking. Una vez que hube estacionado, arrancaron el coche y se marcharon.”

Admitida a queixa a trámite solicitáronse informes ao respecto resultando:

- O Sr. director da Área de Operacións de Infraestruturas indicou que:

“Tódalas empresas de mantemento teñen acceso aos aparcadoiros da USC para facilitar as súas encomendas e minimizar os tempos de resposta das mesmas; entre esas empresas de mantemento está a empresa obxecto da queixa.”

- O Sr. xefe do Servizo de Contratación e Patrimonio:

“.../infórmolle que a empresa está executando para a Universidade de Santiago de Compostela o contrato para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria no campus de Santiago de Compostela.”

Por iso, recomendo que se fagan as xestións oportunas diante da empresa para que teña coñecemento do acontecido entre o membro da Comunidade Universitaria e o traballador de dita empresa.

Dende o Servizo de Contratación e Patrimonio, seguindo a recomendación efectuada, deron traslado á empresa dos feitos obxecto da queixa, e informan que a empresa comunicou o seguinte:

“Tras escuchar la versión de los técnicos nos explican que estaban procediendo a cargar material en la parte de atrás de la furgoneta y por ese motivo estaba la furgoneta desplazada hacia delante. Sin embargo, comprendemos que no son las formas de responder por su parte y procederemos a amonestarlos verbalmente.

Rogamos disculpen las molestias que les hayamos podido ocasionar.”

Q 2407/04

Recibiuse nesta Institución un escrito referido ao sistema de avaliación da materia dun Grao.

Respecto do exposto no mesmo infórmase que consultada a guía docente da materia para o curso 2023/2024, obsérvase que indica o seguinte:

- No apartado *Sistema de avaliación*:
“.../Estes criterios complementáanse co exposto a continuación no apartado de Observacións.”
- E no apartado de *Observacións*:
“Os alumnos aos que lle sexa concedida a dispensa de asistencia non poderán acollerse ao sistema de avaliación continua previsto. Ditos alumnos serán avaliados exclusivamente mediante unha proba final obrigatoria relativa aos contidos da materia á que lle corresponderá o 100% da cualificación final.”

Por iso, lamento informarlle que o seu escrito non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está conculcando ningún dereito.

No entanto, comunícolle que de estar desconforme coa cualificación obtida na materia ou co proceso de avaliación, debe seguir o establecido no Artigo 9. *Reclamación das cualificacións da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.*

Q 2407/05

Foi presentado un escrito por un estudante do Grao motivado porque ao seu entender hai un déficit de calidade na docencia impartida en dito grao, xa que algúns temas teñen sesgos, carencias e contradicións os consensos das principais sociedades científicas na materia.

Solicitáronse sucesivos informes á Sra. decana do centro e se lle instou a facer xestións ante o profesorado para a análise da problemática descrita polo alumno. Por outra banda, no proceso de tramitación da queixa tense constancia de que o estudante tamén se dirixiu á OAR e lle deron cumprida resposta na que se indicaba que *“.../dende o Decanato do Centro, non se observan irregularidades nin disfuncións na impartición das materias sinaladas. Tendo en conta o sistema de garantía de calidade do centro, os programas formativos están sometidos a un proceso de mellora continua co obxecto de garantir a súa calidade docente.”*

Q 2407/06

Foi presentado un escrito por un estudante do Máster Universitario, expoñendo os feitos acontecidos no acto de defensa do seu Traballo Fin de Máster e en concreto no referido á disertación dun vogal que conformaba o tribunal.

Solicitouse información ao respecto ao Presidente do tribunal, quen remitiu un informe do profesor, onde daba conta da súa intervención literal no acto de defensa e, en resume indicaba:

“En definitiva, lo que yo hice en la sesión fue expresar mi malestar con la calidad del TFM presentado y la manera en que el autor había realizado su trabajo. Malestar que sigo reiterando en el día de hoy, si bien agravado al ver que no solo no han servido de nada las críticas académicas y consejos que se le dieron al autor, sino que persiste en su lamentable conducta académica, tratando de hacer pasar por bueno un trabajo de mediocre calidad .../”

Q 2407/07

Foi presentado un escrito por un PDI en relación cun acordo de petición de modificación do POD adoptado pola Área de coñecemento ante o Departamento que dirixe.

Recibiuse un detallado informe elaborado pola Sra. directora do *Departamento* no que da conta das accións realizadas para a solución do conflito, e no que se recolle:

“.../

(xvi) Debido á baixa por enfermidade do coordinador proposto, o profesor, con data 17.10.2024 foi convocada pola dirección unha nova reunión da área para debater sobre os criterios adoptados pola área para a elaboración de POD. Esta reunión celebrouse o día 21 de outubro de 2024, ás 13:15h na sala 114 da Facultade.

(xvii) O mesmo luns, día 21 de outubro, tras os acordos da reunión previa, o profesor que presenta a queixa, en calidade de coordinador en funcións, envía unha mensaxe aos integrantes da Comisión da área coa nova proposta de POD, que foi aprobada e remitida o día 23 de outubro á dirección do departamento.

Con posterioridade, o día 24 de outubro de 2024 tivo lugar unha sesión do Consello de Departamento na que se aprobaron, entre outros asuntos as modificacións de POD da área.”

Por iso á vista do expresado, entendemos que estas actuacións rematan o proceso ordinario de elaboración e aprobación do POD, polo que lle informo que se remata a tramitación da presente queixa, non obstante infórmase que si se considera prexudicado ou que se teñen conculcado os seus dereitos, a actuación que debería levar a cabo é a presentación do recurso correspondente contra o acordo do Consello de Departamento.

3.- CONCLUSIONES

Para este Valedor é unha satisfacción constatar, en xeral, o importante compromiso tanto dos órganos da universidade como dos membros da comunidade universitaria aos que lle foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do establecido no artigo 11 do Estatuto do Valedor amosaron sempre unha actitude encomiable polo que é obrigado o meu recoñecemento.

Neste curso, despois da súa elección polo claustro universitario, procedeuse á substitución dos anteriores representantes do estudantado na “*Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor*”. De acordo co Estatuto do Valedor tiveron lugar as oportunas reunións de dita comisión. Quero agradecer ás integrantes da comisión a súa dispoñibilidade e dedicación e sinalar o papel desenvolvido no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar de solucionar ou mellorar os problemas e disfuncións que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso fixéronse a través de distintos medios, 67 consultas solicitando información e/ou axuda sobre diferentes cuestións que logo normalmente non remataron na presentación de queixas. O estudantado destaca como o estamento que fixo máis consultas (61,76%). Máis da metade delas versaron sobre aspectos relativos á docencia e avaliación e tamén a procedementos de xestión. 41 destas consultas tiveron que ver con estes dous temas, é dicir, o 61,19%.

En canto ás queixas recibidas, presentáronse un total de 66. Destas, houbo 10 que non foron admitidas a trámite ben por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, por exceder as competencias do Valedor ou por ser presentadas fóra dos prazos establecidos no Estatuto de Valedor da Comunidade Universitaria. Por outra banda ante 3 queixas e despois de ser iniciadas as actuacións, procedeuse á inhibición do Valedor por a incoación dun expediente disciplinario ou pola presentación dunha demanda xudicial tal e como prescribe o Estatuto.

Na páxina 73 desta memoria preséntase, seguindo o procedemento de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, ordenadas por temas. Esta é unha clasificación estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois, o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha

visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 5 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen algo máis do 65% (66,66%). De xeito moi resumido os temas indicados por orde de frecuencia son os que seguen:

1.- Procedementos administrativos. Nesta categoría aparecen recollidos todo tipo de procedementos relacionados con distintas instancias o que fai que sexa unha categoría moi ampla polo que é preciso relativizala. Non obstante este curso aparecen como temas importantes os relacionados coa ampliación de matrícula solicitada, traslados, dificultades na obtención de certificacións ou problemática relativa ao estudantado estranxeiro.

2.- Docencia e avaliación académica. Un curso máis, aparece manifestada a incidencia de temas relacionados con cuestións docentes e avaliación, reflectida na frecuencia das queixas e sobre todo no número de consultas que se fan (aínda que logo non se traduzan en queixas).

No referido á cuestión docente presentáronse oito queixas que teñen que ver con aspectos moi diferentes como emprego na aula de dispositivos electrónicos, ausencia de docencia ou non consideración de dispensa de asistencia. Polo que atinxe ao tema de avaliación (catro queixas) os temas expostos refírense ao procedemento de revisión ou desacordos coa avaliación Seguen pendentes de abordar as situacións anómalas derivadas da coincidencia de exames ou da imposibilidade de asistencia aos exames por problemas de saúde, a este respecto é preciso sinalar que estas cuestións están en vías de solución.

3.- Condicións laborais e de xestión de persoal. Neste caso aparecen recollidas queixas presentadas tanto polo PDI (4 queixas) como polo PTXAS (3 queixas) . En ambos casos os temas son variados. Polo que atinxe ao PDI dende problemas de asignación de espazos ou non redución de docencia ata cuestións retributivas. As queixas presentadas polo PTXAS relaciónanse coa non certificación de servizos prestados, condicións para traballo telemático ou cambio no posto de traballo.

4.- Procesos selectivos. Baixo este epígrafe aparecen recollidas queixas que reflicten certa problemática relacionada fundamentalmente coa selección de persoal. Obviamente estes procesos abranguen tanto a PDI como a PTXAS, (2 e 4 queixas respectivamente) Os escritos fundamentalmente teñen que ver con discrepancias coa normativa que se emprega nesta universidade, desacordo coa convocatoria, comisións de servizos ou procedemento para a provisión.

5.- Prácticas curriculares e extracurriculares. Nesta categoría agrúpanse as queixas relacionadas coa problemática sobre as prácticas curriculares que debe desenvolver obrigatoriamente o estudantado e ás prácticas extracurriculares nas que a súa realización é opcional. A maioría das queixas teñen que ver coas prácticas extracurriculares, ben á modalidade de adxudicación preferente ou ben aos contratos Santander para a obtención de práctica profesional. Polo que atinxe ás curriculares refírense á asignación de dispositivo para a súa realización, problemas coas condicións ou desacordos co informe do titor ou titora.

No texto co termo “**Recomendación**” que sigue ao número de queixa aparecen sinaladas as 8 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Foron aceptadas na súa totalidade 7 das recomendación e 1 delas foi aceptada parcialmente. Por outra parte, as recomendacións derivadas dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor foron 7, e 1 delas foi de oficio. En 7 casos xa se rematou o procedemento.

Por último dende a perspectiva institucional e de relación con outras instancias de diferentes niveis á USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade.

No mes de outubro do 2023, en concreto dende o 25 ao 27, tivo lugar o Encontro Estatal de Defensorías Universitarias nas Palmas de Gran Canaria organizado pola ULPGC no que se trataron os seguintes temas:

- Relación entre a intelixencia artificial e as actuacións das valedorías universitarias.
- Colaboración entre as valedorías e os Consellos Sociais.
- La LOSU e a defensa dos dereitos da comunidade universitaria.
- Relacións entre as valedorías cos novos canles e órganos de resolución de conflitos na universidade.

É de salientar a excelente intervención do Sr. Ministro de Universidades, D. Joan Subirats Humet sobre a importancia das valedorías universitarias.

En maio de 2024, participouse nunha xornada técnica organizada pola Defensoría da Universidade Carlos III de Madrid que tivo lugar nesta cidade na que se traballou por parte dos defensores o tema de “*Reflexións e debates sobre a regulación das valedorías universitarias nos estatutos das universidades tras a lei orgánica 2/2023 do sistema universitario*” e o tema de “*Saúde mental e xestión do estrés e a ansiedade*” por parte do persoal das secretarías.

En virtude da integración da USC na Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIdDU), asistiuse ao III encontro iberoamericano organizado pola Universidade Federal de Río de Janeiro onde se trataron os seguintes temas:

- As Valedorías universitarias na loita contra as desigualdades e a promoción dos obxectivos do desenvolvemento sostible.
- O papel das valedorías universitarias na construción de políticas públicas que promovan o acceso á universidade e combatan a deserción.
- Garantías para os Valedores universitarios: un imperativo institucional.



Relacionada co primeiro dos temas, o Valedor da USC participou cun relatorio sobre *“Dereitos humanos e dereitos universitarios”*.

Por último, mantivéronse tamén diversas reunións e contactos na Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA), foro onde se analizan e discuten problemas que afectan máis especificamente ao conxunto do sistema universitario galego.

4.- REFERENCIAS ESTATÍSTICAS


CONSULTAS POR SECTORES:

Nº. de consultas	67
Estudiantes:	41
PDI:	16
PTXAS:	2
CEDU/ Valedores:	8





ENTRADA MENSUAL DAS CONSULTAS

MES	Curso 23/24
Setembro	6
Outubro	4
Novembro	2
Decembro	7
Xaneiro	4
Febreiro	6
Marzo	2
Abril	6
Maio	4
Xuño	13
Xullo	13
Agosto	0
Total curso	67



QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	66
Estudantes:	41
PDI:	17
PTXAS:	7
De Oficio:	1



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 22/23	Curso 23/24
Setembro	8	9
Outubro	13	8
Novembro	3	4
Decembro	5	10
Xaneiro	4	3
Febreiro	5	2
Marzo	4	9
Abril	3	5
Maio	7	5
Xuño	5	4
Xullo	9	7
Agosto	0	0
Total curso	66	66

nº de queixas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas		66
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	53	⇒ 80%
2 Meses:	10	⇒ 15%
3 Meses:	1	⇒ 2%
> 3 Meses:	2	⇒ 3%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	3
DOCENCIA E AVALIACIÓN ACADÉMICA	12
PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS	13
MÁSTER, DOUTORAMENTO E TÍTULOS PROPIOS	3
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4
BOLSAS-AXUDAS	2
ACTIVIDADE INVESTIGADORA E PUBLICACIÓNS	1
INTERCAMBIO	1
RELACIÓNS DE CONVICENCIA	3
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ADAPTACIÓNS	1
PROCESOS SELECTIVOS-PROVISIÓN PERSOAL	6
CONDICIÓNS LABORAIS E DE XESTIÓN DE PERSOAL	7
PRÁCTICAS CURRICULARES Y EXTRACURRICULARES	6
TFG E TFM	2
OUTROS	2

